



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

**ACTA DA SESION ORDINARIA CELEBRADA POLO
PLENO DO CONCELLO
O DIA 3 DE DECEMBRO DE 2009**

<u>ALCALDE:</u>	D. Jesús Vazquez Almuiña
<u>CONCELLEIROS:</u>	D. Angel Manuel Rodal Almuiña Dña.Rosa Ana Marcote Guillén Dña. Maria de los Angeles Silva Gonzalez Dña.Maria Iglesias Fernández Dña.Ana Simons Sánchez D.Jose Rodríguez Trigo Dña.Maria Jesús Martíns Passos D. Manuel R. Vilar Marquez D. Rafael Lores Rosal D.Manuel Rafael Estévez González Dna.Emilia Giráldez Ramirez Dña.Laura Miguez Pérez Dña. Teresa Perez Vieira D. Xose Enrique Fernández Fernández D. Roberto C. Valverde Sabin
<u>NON ASISTIU:</u>	D. Manuel A. Gonzalez Marcote
<u>SECRETARIA:</u>	Dña.Susana Gallardo Fariña
<u>INTERVENTORA:</u>	Dña.Rosa del Riego Santos

Na Casa Consistorial de Baiona, a tres de decembro de dous mil nove, reúnen os señores ditos enriba, co obxecto de celebrar sesión ordinaria do Pleno do Concello en primeira convocatoria.

Sendo as doce horas, o Sr.Alcalde-Presidente declara aberta a sesión, e da conta do apoio da Corporación ós cooperantes secuestrados os derradeiros días en Mauritania co desexo da súa inmediata liberación.

Tamén mostra o pésame unánime da Corporación á familia de Alejandra Soto, quen apareceu morta fai escasos minutos, no municipio de Redondela.

Comenta que xa está a exposición pública o Inventario de camiños.

Pásase ó tratamento dos asuntos contidos na Orde do Día.

1.-APROBACION DE ACTA ANTERIOR.

Acta de 5 de novembro de 2009.

O Sr.Alcalde pregunta se hai observacións que facer á devandita acta, e non producíndose ningunha, fica aprobada aprobada por unanimidade a acta do 5 de novembro de 2009.



EXCMO. CONCELLO
DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)

2.-DACION DE CONTA DAS RESOLUCIONS DA ALCALDIA.

Os Concelleiros dispoñen da devandita relación de resolucións da Alcaldía.

3.- APROBACION, SE PROCEDE, DA DEROGACION DA ORDENANZA FISCAL NUM.5.

O Sr.Alcalde cede a palabra á Sra.Interventora, quen da conta da seguinte:

PROPUESTA DE ALCALDÍA

Desde el servicio de Intervención se ha tramitado el expediente para la derogación de la Ordenanza Fiscal nº 5 reguladora de la tasa por los servicios facultativos que se prestan en obras municipales, aprobada en sesión plenaria de 10 de noviembre de 1995 y publicada en el BOP nº 13 de 18 de enero de 1996

El motivo que lleva a la derogación de esta Ordenanza es que no es posible su aplicación, dado que los honorarios de dirección de obra deben ser abonados directamente por el Concello en cuanto promotor de las obras, y no procede el descuento al contratista adjudicatario de las mismas, como establecía esta Ordenanza en sus artículos 3 a 7.

Por todo lo expuesto, se eleva al Pleno de la Corporación, previo dictamen de la Comisión Informativa, el siguiente ACUERDO:

1º. Derogar la Ordenanza Fiscal nº 5 reguladora de la tasa por los servicios facultativos que se prestan en obras municipales

2º. Remitir el presente acuerdo al BOP a efectos del cumplimiento del trámite de exposición pública.

SR.RODAL, PP.- Como comentó la Interventora, esta derogación de la Ordenanza fiscal nº 5 supone la misma tramitación necesaria que para la imposición de un tributo ó para la aprobación de una ordenanza fiscal; es necesario, primero, la aprobación por el Pleno, por mayoría simple; exposición pública por un plazo de 30 días hábiles; y resolución de reclamaciones, si las hubiese.

Polo Sr.Alcalde se procede á votación do presente punto, resultando aprobado por unanimidade.

Polo cal o Pleno, por unanimidade, ACORDA:

1º. Derogar la Ordenanza Fiscal nº 5 reguladora de la tasa por los servicios facultativos que se prestan en obras municipales

2º. Remitir el presente acuerdo al BOP a efectos del cumplimiento del trámite de exposición pública.

4.-APROBACION, SE PROCEDE, DA MOCION DO EQUIPO DE GOBERNO RELATIVA Ó SISTEMA DE FINANCIAMENTO DA LEI DE DEPENDENCIA.

O Sr.Alcalde cede a palabra á **SRA.SILVA, PP**, quen da conta da seguinte:



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

**MOCIÓN DOS GRUPOS POPULAR E COALICIÓN MIÑORANA DO CONCELLO DE
BAIONA INSTANDO AO GOBERNO CENTRAL A REVISAR O SISTEMA DE
FINANCIAMENTO DA LEI DE DEPENDENCIA**

Os Grupos Municipais do Partido Popular e de Coalición Miñorana de Baiona, ao amparo do disposto nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais presenta ante o Pleno da Corporación Municipal esta MOCIÓN, con base nos motivos e consideracións desenvolvidos na seguinte:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1º.- Como consecuencia da entrada en vigor da Lei 39/2006, de 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia, popularmente coñecida como Lei de Dependencia e na que se regulan as condicións básicas de promoción da autonomía persoal e de atención ás persoas en situación de dependencia mediante a creación dun Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia (SAAD), no que colaboran e participan todas aquelas Administracións Públicas con competencias na materia, producíronse unha serie de cambios drásticos que condicionaron de forma importante o funcionamento dos servizos sociais municipais, afectados dunha insuficiencia orzamentaria importante e dunha dependencia total do Plan Concertado da Xunta de Galicia.

Esta nova Lei dotou de dereitos obxectivos e obxectivables ao colectivo de Dependentes, que hoxe, transcorridos case tres anos desde a entrada en vigor desta lei atópase francamente lonxe de ser conseguidos polas administracións. Neste punto, cabe recordar que a Lei de Dependencia contemplaba un calendario de posta en marcha extremadamente ambicioso, que se foi incumprindo de forma progresiva, ante a incapacidade de xestión das comunidades autónomas, e ante a falta de servizos e recursos económicos suficientes para facer efectivos os dereitos recoñecidos á poboación considerada como gran dependente.

En Galicia, a realidade demográfica, sociolóxica e xeográfica supuxo un hándicap engadido. A elevada porcentaxe de poboación envellecida, a dispersión poboacional e a propia orografía levan un sobrecusto para os servizos básicos que de forma directa prestan os concellos e a Xunta de Galicia. O certo é que estas circunstancias fan que Galicia arrastre un atraso importante na aplicación da Lei de Dependencia e tendo en conta que un dos maiores obstáculos é a insuficiencia financeira conviría revisar o sistema implantado polo Goberno co obxecto de conseguir que este se comprometa de verdade coa Lei e, por extensión, que o cidadán poida recibir os servizos efectivos que a lei garante dun xeito máis áxil e dentro dun espazo temporal máis reducido. Non é de recibo crear unha norma que xera tantas expectativas sen dotala dos recursos económicos necesarios e sen pactar o sistema de financiamento cos Gobernos Autonómicos e as Administracións locais, as dúas institucións que en última instancia sen están responsabilizando da aplicación da mesma.

Por todo iso, os Grupos Municipais do Partido Popular e de Coalición Miñorana somete para a súa toma en consideración polo Pleno da Corporación as seguintes:

PROPOSTAS DE ACORDO:

PRIMEIRA.- Instar ao Goberno Central a que asuma o 50% do custo do servizo efectivo outorgado polas CC.AA. na Lei de Dependencia, buscando o cumprimento da lei.

SEGUNDA.- Instar ao goberno da Xunta de Galicia a devolver aos concellos o protagonismo que sempre tiveron na atención social, delimitando competencias e buscando fórmulas de colaboración entre concellos, deputacións e Xunta de Galicia, para que o cidadán reciba os servizos efectivos que a lei lle garante.



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

TERCEIRA. - Instar ao goberno central a ter en conta o recoñecemento económico efectivo acorde á situación de dispersión e envellecemento de Galicia.

CUARTA. - Instar á Xunta de Galicia e aos gobernos municipais a colaborar con todas as entidades prestadoras de servizos sociais para garantir unha rede coordinada de servizos para garantir unha oferta suficiente de prazas de residencia, centros de día, axuda a domicilio, teleasistencia e centros especializados como os de alimentación e distribución de comidas, alzheimer, discapacitados psíquicos e físicos.

SR.LORES, POSE. - En primer lugar xustificar a urxencia do noso compañeiro Manolo que por razóns laborais se atopa fora da Comunidade Autónoma.

En canto á Moción, o primeiro que nos recordou ó grupo socialista é que é un simil aparente ao que vamos a comentar: pola rede funciona unha serie de correos electrónicos que cando os abrimos dámos varias impresións; uns, parécenos agradables e bonitos, outros interesantes, outros divertidos, e outros de franco mal gusto. Con estas mocións, que como dí o sr.Manolo Vilar, son de cicloscyl, ocorre unha cousa parecida; hai mocións coas que ún pode estar dacordo ou non, pero ás que se lles ve un trasfondo e un traballo; hai outras que realmente as veces son oportunos, e hai outras como ésta que presentan o PP e CMÑ que a nós parécenos de mal gusto.

Tratar de xogar cunha Lei que pretende universalizar o dereito de tódalas persoas a unha vida digna, a ter un benestar, independentemente da súa situación física ou da súa situación social, parécenos que non é de bó gusto; non tódalas mocións deberan chegar ó Pleno sen ningún tipo de filtro; deberíanse estudar e ter certo tipo de pudor á hora de presentálas.

Nos deu a impresión en canto leímos esta moción, de ir directamente á votación, votar que non e punto, pero parécenos que algo hai que comentar aínda que soamente sexa por esa vocación de discutir as cousas e de dar a nosa opinión.

En primer lugar na exposición non se dí toda a verdade; despois, no que se pide na Proposta de acordo, parécenos que no primeiro punto o que está realmente ocultando o PP de Galicia (porque fala das Comunidades Autónomas) é intentar non invertir cartos no benestar social; ese 50% que ten que dar as Comunidades Autónomas parece que quere aforrálo para adicalo a outras cousas; non sabemos cales son as prioridades do Goberno da Xunta do PP, pero polo que se ve nesta primeira Moción, e que nós interpretamos, é que se está pedindo que o 50% da financiación que lle corresponde ás Comunidades Autónomas o Goberno da Xunta de Galicia quere reduci-lo a un 25%, parécenos que o que está facendo realmente é ensinar a verdadeira vocación que é a de non destinar cartos ós servizos sociais e non destinar cartos ás necesidades máis básicas dos veciños e das veciñas. Polo tanto, este primer punto xa nos parece algo que amosa o verdadeiro espírito deste Goberno.

Decir tamén que o primeiro que habería que facer para isto sería cambiar incluso a Lei na parte da súa financiación, polo tanto non ven a conto.

O segundo punto recórdanos a aquelas mocións que presentaba o goberno de Baiona cando na Xunta estaba un Goberno distinto o seu partido e que sempre estaban a instar, a instar, e a facer oposición.

Non sabemos exactamente que queren dicir: "Instar ao Goberno da Xunta de Galicia a devolver aos Concellos o protagonismo que sempre tiveron..", ben, pois non o perdan vostedes que están no goberno municipal e que están tamén no Goberno da Xunta; polo tanto, non sei a que veñen aquí a decirnos á oposición unha cousa que vostedes teñen a obriga de facer; seríamos nós os que diríamos que non a están facendo, pero parece que é un recoñecemento á súa ineficacia tanto a nivel de goberno municipal como de Goberno da Xunta.

O punto terceiro: "Instar ao Goberno Central a ter en conta o recoñecemento económico efectivo acorde á situación de dispersión e envellecemento da Galicia"; ben, con este punto pódese estar dacordo ou non pero en principio parece que ten certo sentido.



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

Neste senso nós queremos aportar algúns datos referentes a cómo está nestes momentos a situación en Galicia; as solicitudes presentadas e rexistradas en Galicia a 1 de xuño do 2009 foron 59.730, das cales están xa valoradas 45.078; das cales 25.854 son grandes dependentes, 11.000 dependentes severos, 5.000 de dependentes moderados, e 2.121 dependentes sen grado; destas 45.000 que xa están valoradas, 33.303 son con dereito a prestación, xa está valorado o dereito á prestación, dos cales 25.515 xa están recibindo esa prestación; e faltan por recibíla 11.778. Polo tanto os datos non son os que se decían na exposición de motivos.

Ademáis, estes datos que acabo de dar, son definitivos a data de 1 de xuño de 2009; son os datos de Galicia.

Vostedes falan da financiación; hai un nivel mínimo garantido polo Estado, por un Real Decreto, o 74/2009, xa está aprobado e garantido o nivel mínimo de protección de todos estes beneficiados. E na Lei se dí tamén que as Comunidades Autónomas aportarán cada ano, polo menos, unha cantidade igual a que aporta o Estado no seu territorio; polo tanto, iso queda claro na Lei; non entendo a razón de porqué aquí se din outras cousas.

Tamén é certo que os beneficiarios da Lei, según o artigo 33 da lei de Dependencia, tamén teñen que aportar unha parte a esa prestación, tendo en conta tamén que ningún español vai a quedar fora desta lei por falta de recursos; polo tanto todo será sempre evaluable.

Decir tamén que a participación deste ano do Goberno do Estado, nos orzamentos, adícase a esta aportación da Lei de Dependencia 1.151 **billóns de euros**, que significa un 33 máis do que estaba no 2008. E o que estaba previsto na Lei (por iso neste punto tamén se mente) estaba previsto que no 2009 houbera unha aportación de 979 millóns e este ano acábanse de incorporar 1.158, polo tanto estanse incorporando máis cartos dos que estaban previstos.

O segundo punto, que vostedes dín que hai que correxir, de como se fixo a aportación do Estado a Galicia, pois Galicia recibe un total de 32.111 millóns de euros, dos cales 20.872 son para inversións e 11.239 para gasto corrente; polo tanto as cousas van doutro xeito, e os criterios son o 80% según o índice de cooperación, ou sexa, en total 26.116,285 euros; e o 20 según o índice de beneficiarios con dereito a prestación que aquí en Galicia son case 6.000 millóns de euros; ¿qué pasa?, que este índice posiblemente favorezca máis a Galicia que o índice de dispersión, porque temos que darnos conta que Galicia é a terceira Comunidade Autónoma en número de beneficiarios; polo tanto se a ponderación en vez de facela por dispersión (como se pide), se fai como se está facendo que é polo número de beneficiarios, Galicia sae moi, moi beneficiada; polo tanto ten máis sentido pedir que se aumente a un 40 ou 50%; Galicia saería máis beneficiada.

Esta moción é unha moción aparentemente inoportuna pero que esconde a verdadeira vocación do PP. Polo tanto o noso voto vai ser negativo.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Nesta moción que presentan resulta que se critica o diñeiro que supostamente ten que aportar o Goberno Central que ó final non chega para aplicar a Lei de Dependencia; iso foi o que lle pasou o BNG cando gobernaba; e iso era o que criticaba o PP naquel momento; iso precisamente: que nós non eramos capaces de desenvolver a Lei, que todo era propaganda, que todo era unha cortina de fume; e ó final o PP está dandolle a razón ó BNG, ó final resulta que agora se dan conta de que o que decía o BNG era certo.

En todo caso quixera decirlle ó PP que dí un refrán: "Dime de que presumes y te diré de lo que careces"; porque efectivamente o PP, aparentemente, ante a prensa, ante a opinión pública, sae decindo na primeira manifestación cando saca os orzamentos para o 2010: "que por encima de todo os Servizos Sociais"; e resulta que cando vamos á práctica os servizos sociais son uns orzamentos raquíticos que non cumpren coas minimas expectativas que eles anunciaran; de tal xeito que outra vez máis se cumpre o dito de que para a dereita (foi toda a vida así e parece ser que o vai seguir sendo) os servizos sociais non son unha área prioritaria; foi sempre así e moito me temo que o vai a seguir sendo.

Nós, unha vez leídas as propostas de acordo que fan, que con algunha délas sí estaríamos dacordo, quixeramos facer, para non mesturar unhas con outras, unha enmenda; unha enmenda á totalidade do acordo; é a seguinte:



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

“Instar á Xunta de Galicia a:

1º.- Dotar nos orzamentos para o 2010 recursos suficientes para asegurar a cobertura de tódalas persoas dependentes que, de conformidade co calendario de aplicación da Lei, teñen dereito a recibir a súa prestación.

2º.- Pagar en prazo as prestacións que teñen recoñecidas as persoas dependentes.

3º.- Instar ao Goberno do Estado a que dote os orzamentos do 2010 de recursos suficientes para asegurar as coberturas derivadas da Lei de Dependencia, de acordo co calendario de aplicación da Lei. 4º.- Mantér os planos de despregamento do Sistema Galego de Benestar, acelerando a apertura das residencias e centros de día xa construídos e a construción dos que xa están proxectados (como por exemplo ó de Baiona, que leva paralizado máis dun ano).

5º.- Colaborar cos Concellos a través do Consorcio Galego de Servizos de igualdade e Benestar na prestación de servizos e prestacións sociais de calidade ao conxunto da poboación de Galiza.”

Si se acepta a enmenda, nós votaremos a favor. Creemos que ésta é a liña a seguir e non a que fan vostedes na proposta, xa que, como decía antes, moito se presume pero ó final é do que se carece.

SR.VILAR, CMÑ.- Eu como membro do goberno estou dacordo coa proposta do goberno municipal porque entendo que é bastante realista e está adaptada á nosa realidade. Tamén quedei gratamente sorprendido polos datos que nos presenta o portavoz do PSOE, chegou moi documentado e iso é de agradecer cando se ven a un Pleno así de preparado; e por certo, tamén agradezco a xenerosidade que sempre mostrou o BNG con Baiona en materia de servizos sociais, construindo e axudándonos a construír esa residencia, que por certo, Baiona foi ún dos poucos Concellos que ofreceu un terreo en primeira liña para facer ese Centro de Día; todo iso sae da planificación urbanística que tiñamos nós en Baiona, que posiblemente se pudo haber mellorado si se aceptara a proposta nosa feita no seu día de que no PERI III e no PERI IV se unificaran as parcelas, pero a realidade é a que é, e Baiona vai a ter un Centro de Día importante na avenida de Sabarís.

Consideramos que todo o que sexan axudas para os maiores é normal que o apoiemos porque unha sociedade de benestar se debe basar sempre na atención ós xubilados e ós maiores, porque ahí é onde todos temos que aspirar a chegar nas mellores condicións de vida e cando vamos cumprindo anos nos damos conta de que iso é moi importante.

Esta moción do equipo de goberno o que fai, dalgún xeito, é reclamar a quen nos pode axudar máis, que é o Goberno Central, que é quen distribúe tódolos cartos; non vaia ser que o señor Ministro D.José Blanco soamente invirta en infraestruturas; hai tamén que invertir en axudas ós maiores.

Respecto ó que dixó a oposición me parece tamén bastante acertado e deixo en máns da Presidencia que acepte ou rexeite as enmendas que considere oportunas. Eu vou apoiar ó equipo de goberno como é obvio.

SRA. SILVA, PP.- Eu non vou a discutir os datos que o Sr.Lores puxo sobre a mesa; o que non dí é a partir de que empezaron a haber máis recoñecementos na Xunta, a partir de qué data, está ben fai 3 anos; sí, señor Lores, a Xunta de Galicia está pódose as pilas. Vou decirlle unha cousa: eu resido no Concello de Baiona, a Comunidade Autónoma é Galicia, a mín me parece que vostedes están confundidos e creen que hai 3 Baionas: a de Francia, a de Galicia, e algunha perdida en Cataluña; pero mire, ¿sabe que pasa co Estado?, que crea unha lei, e isto é cando nunha familia hai moitos bebés; eles o que fixeron foi levarles o biberón, o recipiente; pero mire, a mín en vez de darme o recipiente ou o biberón dénme a leite para mantér día a día a eses bebés. Vostedes son o PSOE de Galicia e eu sempre pensei que ían apoiar un pouco esta moción porque estamos defendendo os intereses de Galicia, Comunidade Autónoma de Galicia, e o que va a pasar con isto é que seguramente os neníños cataláns van a coller sobre peso, e o resto de España, e os galegos, van a quedar nos ósos; e vostede dí da dispersión, pero tamén se dí o



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

envellecemento, ou sexa, se lle están pedindo varios factores, que son moi diferentes os da Comunidade Autónoma Gallega que os de Cataluña; ésta é unha pataca quente que botaron para adiante. Crear a Lei é moi fácil, o que hai é que dotálas de investimentos; e o único que estamos pedindo é que nos axuden, iso é o único; e claro que estamos poñéndonos as pilas, estamos facendo o noso; o que non hai é dotación presupostaria, e iso é o que estamos reivindicando, ó único; e xogar con estas persoas, non; e lle podo decir que eu menos, que estou coas familias día tras día; e claro que xa están empezando a cobrar, pero están empezando a cobrar os que levan anos recoñecidos e aínda están a cobrar agora porque nos encontramos cun aguxero moi grande; polo tanto non faga demagogia fágala; pero os que estamos aquí vamos a defender como baioneses, como pontevedreses, e como galegos, aos galegos; non ós cataláns; vostedes se queren sigan así.

Respecto ó BNG, o que lle digo é que nunca lle dixemos que esta lei non estaba ben feita, e claro que sí que non tiñan presupostos, pero hai un defecto moi grande que teñen os do BNG, vostedes nese momento tiñan os mesmos problemas, sí, pero estaban comendo do mesmo plato que os que crearon a Lei e ós que lle estaban decindo "sí, Guana", e lle vou a decir unha cousa: para un baile de parella fan falta dous, e tan culpable é o que leva como o que se deixa levar; nada máis. Moitas grazas.

SR.LORES, PSOE. - Sra.Silva, como dín Manolo Vilar, eu son do Celta; non vou porque non son socio, pero son do Celta. O de Cataluña non o sei, eu, o único decir que estaba previsto, que neste ano, nos presupostos do Estado, na Lei, estaba previsto para financiar a Lei de Dependencia por parte do Estado, que é sempre o 50%, era de 871 millóns de euros, e que a realidade nos orzamentos do 2009 é que son 1.158 millóns de euros, polo tanto hai un 33% máis do que estaba previsto, para financiar a Lei de Dependencia; polo tanto, a partir de ahí pódese falar, poden votar, pero a realidade é a que é.

Decir que os datos de Galicia son os que son, eses son os datos; os dependentes en Galicia, volvo a decir, hai 59.730 solicitudes rexistradas e hai 45.000 valoradas, das cales 37.000 xa están consideradas con dereito a prestación; e desas 37.000, 25.515 xa están cobrando a prestación; restan 11.778; polo tanto as cousas van indo, e van indo mellor incluso do que estaba previsto; ¿qué pasa?, que despois, xa na propia moción, no punto 4º, vostedes dín: "Instar á Xunta de Galicia e aos gobernos municipais..", ¿qué quere?, ¿qué lle instemos a vostede para que traballe?, non; traballe xa; pero non nos pide a nós que digamos isto; repito, no punto 4º: "Instar á Xunta de Galicia e aos gobernos municipais a colaborar con todas as entidades prestadoras de servizos sociais..", ¿qué quere decir?, ¿qué non o está facendo?, eu non o estou decindo; o está decindo vostede nesta Moción. Este punto, se quere, apoiámolo; ben, traballen vostedes, ¿porque é traballar ter un Centro de Día parado como o que temos?; iso non creo que sexa; a única iniciativa, e non quero entrar neste tema, pero xa que vostede quere entrar, ¿o único que se fai como Benestar social é a festa de Fin de Ano?, ¿para iso quere os cartos da Lei de Dependencia?. Que conste que non pensaba entrar neste tema pero vostede tocou o tema de defender ós galegos, e claro que sí, ós galegos sobre todo; pero realmente non sei que me quere decir con isto. O goberno municipal xa sabe que pola nosa parte sempre terá o apoio para calquer iniciativa, incluída a festa de Fin de Ano, para todas aquelas actividades que melloren os servizos sociais, pero o que pasa é que hai que facer máis cousas, hai máis necesidades; nós aquí propuxemos, fai 4 ou 5 Plenos, un plan para que o Concello de Baiona fixera o seu propio plan anticrisis para favorecer ás familias que estaban pasando apuros e vostedes dixeron que non; agora non veñan decindo que a culpa é do Estado, non; aquí tampouco hai ningunha vontade para ter iniciativas distintas ás que veñen por Decreto Lei; o único que estamos facendo é aplicar e colaborar, como non, cos plans; iso está ben, e saben que nós nunca fixemos ningunha crítica nese sentido porque entendemos que os cartos son poucos e fan falta, e non chegan, en iso sí estamos dacordo todos: que non chegan; pero fagamos cousas un pouquiño máis serias que este tipo de cousas que por iso decía que me parecía de mal gusto; porque isto é algo no que todos estamos dacordo, como tamén deberíamos estar dacordo en non xogar con estas cousas por un interés puramente partidista ou de oposición clara a un Goberno; creo



EXCMO. CONCELO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

que estes temas deberían filtrarse un pouquiño máis e por iso decía na primeira intervención que as mocións de cicloscyl tamén teñen que pasar por certo filtro e modificálas. Moitas grazas.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Eu tamén son do Celta; en todo caso a verdade é que sempre fun do Celta e sempre me gustou tamén que perdera o Madrid; máis que nada por cuestións políticas porque sempre que perde Madrid sempre gaña Galiza; por iso me gusta que perda o Madrid e me gusta que gañe o Celta.

Señora Angeles, puxolle ímpetu á defensa, enhoraboa; aínda que non estei dacordo co que dixo, púxolle vostede gañas e ímpetu, e non é a norma neste Concello; parece que a forza a pón sempre a oposición, por iso a felicito.

Dixo vostede que defenden ós galegos e non sempre foi así no PP, máis ben case nunca; tamén dixo "vostedes estaban ahí e estaban comendo do mesmo plato", home, é unha expresión gramatical, pero resulta que comendo do mesmo plato e compartindo cama están vostedes agora co Goberno da Xunta; e no punto 2º dín: "Instar ao Goberno da Xunta de Galicia", e no 4º dí: "Instar á Xunta de Galicia e aos gobernos municipais..", é dicir, as veces non é a cuestión esa, senón de que cando se está nun bipartito hai intereses diferentes e o proxecto ten que ser común, polo cal se pode chegar ata onde se pode chegar; en todo caso, como decía o Sr.Villar ó principio, nadie neste goberno pode negar o traballo que fixo o Goberno da Xunta, todo o Goberno da Xunta, e no seu caso o departamento que levaba o compañeiro Anxo Quintana, con respecto a Baiona, co que se fixo aquí unha Galescola e un Centro de Día que leva parado máis dun ano, e que por certo, hoxe, a superdelegada dixo en roda de prensa que se estaba traballando nél; creo que deben vostedes decirlle á superdelegada que debe estar mellor informada cando fale destas cuestións porque non é certo que se esté traballando, a non ser que empezaran hoxe mesmo; en todo caso, esas foron as súas manifestacións e ademáis están grabadas; por certo, temos unha pregunta que facer ó final do Pleno sobre o Centro de Día.

Sr.Villar, decía ó principio que aceptaba a proposta; é que é vostede quen a fai, ¿cómo non a vai aceptar?, en todo caso voulle recordarlle unha cuestión que sempre está recalcando: o tema das parcelas do PERI III e IV; vostede sabe que eu apoiaba a súa proposta, pero non a fixo nin en tempo nin en forma, é dicir, despois de haber feito o traballo intenso por parte dos promotores dos PERIS, entre eles o Concello, pois se chegou a uha conclusión e se chegou ás parcelas que lle correspondían ó propio Concello; vostede naquel momento, despois de haber feito todo ese recorrido, fixo unha proposta interesante pero a destempo, o cal transtocaba considerablemente alomenos ún dos PERIS; a nós non pareceunos serio aceptar a súa proposta nese momento porque dende logo temos que respetar o traballo que se había feito anteriormente; pero aparte de iso, vou a dicir unha cousa: se naquel momento se houberan suspendido os trámites e se houbera aceptado a súa proposta a día de hoxe non estaría empezado o Centro de Día proque non teríamos o terreo suficiente para que se poidera haber feito; polo tanto cae de peso o seu plantexamento; é dicir, se naquel momento se houbera aceptado a súa proposta (que era boa, pero a destempo) non houberan podido vostedes presentar na Xunta de Galiza, no momento que se fixo, e dicir "nós temos terreos a disposición, aquí os teñen"; iso era posible porque antes se había feito un traballo; senón fora así ten que recoñecer vostede que non sería posible; tería que facerse o Centro de Día noutra parcela, e creo recordar que non había naquel momento ningunha parcela disponible aparte de isa para poder facélo. Polo tanto, se lle cae polo peso a súa proposta.

En todo caso nós facemos esta enmenda porque sí estamos sensibilizados co tema da dependencia, o fixemos cando gobernamos na Xunta, e o fixemos tamén cando gobernamos no bipartito en Baiona, que naquel momento era o compañeiro Rafael Lores quen levaba esta área, pero que evidentemente nós tamén tiñamos responsabilidais de goberno noutras áreas pero sí que estabamos interesados en que isto se levara a cabo dunha maneira eficiente e responsable, e dende logo consideramos que Rafael Lores o fixo moi ben e estabamos apoiando tódalas iniciativas porque sí temos sensibilidade neste tema.



EXCMO. CONCELO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

Facemos estas enmendas co ánimo de que se acepten e creemos que ademais non lesionan de ningún xeito ningunha susceptibilidade nin do equipo de goberno nin de ninguén; polo tanto pedimos o seu apoio.

SR.VILAR, CMÑ.- Aclararlle ó Sr.Fernández que precisamente eu discrepo do que acaba de dicir porque cando calquer proxecto son papeis, por moitos informes, sempre se poden modificar; a realidade é outra historia; pero mentres son papeis sempre se poden modificar, porque senón chegaría un momento no que os políticos sobraríamos á hora de aprobar un expediente e nos poríamos en máns dos técnicos, e os técnicos xa sabe o que queren moitas veces: "non, non se pode cambiar porque ten que visálo outra vez o COAG, iso é imposible, etc."; eu cada vez creo menos nesas doutrinas; eu sei que os Plenos son soberanos para aprobar un expediente, para rexeitálo, para deixálo sobre a mesa, e para obrigar a que veñan ós Plenos os expedientes traballados en calquer momento; a experiencia me dí que moitas veces un expediente pasa por unha Comisión Informativa e logo pois ó mellor resulta que no período que hai entre a Informativa e o Pleno ún recaba máis información porque mira a realidade, pensa, e chega ó Pleno e antes de emitir o voto non está dacordo incluso co que dixo na Comisión Informativa, porque mira a realidade doutra maneira; isto é como é a vida política; e me sorprende, Sr.Fernández, que diga vostede cun expediente unha vez que ven ó Pleno que lle resulta imposible aos técnicos modificálo.

Aquel expediente se pudo haber modificado se o Pleno quixera, e se volvería a facer un novo replantexamento; e non se preocupe que seguramente habería un terreo suficientemente amplo para facer un futuro pavillón en Sabarís (ou unha piscina, ou o que fixera falta), habería de haber terreo para dotacións como o Centro de Día, o que pasa é que faltou vontade política, pero os votos son os que son e eu podo mover o que podo mover; e lóxicamente as maiorías en democracia son as que son e as habilidais para manexar un Pleno tamén son certas; e aquela sesión sempre me quedará na mente como unha sesión na que se manexaron moitas habilidais e que posiblemente houbo falta de reflexos por parte dos que tiñan que controlar, ou demasiadas habilidais; a verdade é que nunca se me olvidará o que pasou naquel Pleno, o único que se interrompiu antes de tomar un acordo; eu sei que hai políticos que agora non están aquí pero que tiñan intereses. De vostede non dudo; vostede é un político honesto, eu non o dudo en absoluto, pero vostede quedou moi fastidiado porque perdeuse para Sabarís unha oportunidade histórica; e vostede non estivo á altura das circunstancias.

Dito todo isto, eu sempre recoñecerei que o BNG en materia de servizos sociais sempre portouse ben con Baiona, o digo aquí que é onde teño que decílo: nos fixo unha galescola, nos fixo un Centro de Día, dotou de persoal á galescola, incluso máis da conta, porque creo que tiñan tantos cartos que non sabían o que facer con eles; e nunca me escoitará dicir que o BNG, nesa parcela de servizos sociais, non se portou ben con Baiona; en concreto, Lois Castrillo, que se nota que foi Alcalde, e a mín me encanta que as persoas que foron Alcaldes asumiran responsabilidais na Xunta, foi unha persoa responsable; creo que máis claro, auga. Agora ben, o Centro de Día está nas circunstancias que está; estamos nunha sociedade que por concurso se adxudican as obras, hai empresas que no momento da adxudicación teñen unha condición, logo, pola razón que sexa, non cumpren, pero é un tema alleo a nós; e xa me gustaría que se rematara o antes posible ese Centro de Día.

Sobre as mocións de cicloscyl, dicir que as veces é bó que veñan ó Pleno porque así hai debate político e nos posicionamos. Sobre esta moción que eu firmei, é certo, dicir que cada vez estou máis convencido de que o tema dos servizos sociais na nosa bisbarra se resolve máis dende unha perspectiva mancomunada, eu creo que as veces se adolece de que figure a Mancomunidade; pero a Mancomunidade do Val Miñor, non a Mancomunidade da área intermunicipal de Vigo que é algo que a nós nos colle a desmán; creo que cada vez os servizos sociais deben resolverse dende unha perspectiva mancomunada. E ahí é onde temos que ir porque sen dúbida algunha os grandes Centros da Terceira Idade, na nosa comarca, creo que temos unha poboación idónea para que non sexan deficitarios e para que nos comprometamos entre os Concellos, quizá sería a única pega que se lle podería pór a esta



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

moción, que se lle engadira a palabra “mancomunada” nalgún punto como pode ser no que se fala dos servizos sociais que afecten tamén aos Concellos. Polo demáis, creo que é unha moción correcta e puxo moi ben o exemplo Angeles, que nós queremos o biberón cheo de leite, iso é o importante; iso se chama como se chama: euros; e cantos máis, mellor.

SRA. SILVA, PP.- Vou a intervir máis que nada porque entraron no tema de fin de ano; e debe ser que soamente o Goberno Central ten dereito, aínda que os demáis estamos pasando necesidais, a pasálo ben; o resto dos cidadás non. Mire, as familias están pasando calamidades, e dí que vai ter culpa o Estado, home, eu creo que sí, pero non o creo eu, o creemos o 90 e pico por 100 dos españoles, Sr.Rafael. Dí: “traballen”; claro que se está traballando; pero mire, se quere, lle sacamos a Comida ós maiores, ou os bailes que se organizan, e que paguen máis os cidadás; nós non vamos a subirlle os impostos aos que menos teñen para facer isto; ¿sabe o qué pasa?, que o que traballa, e xestiona, e fai unha boa xestión, cos mesmos cartos fai moito, e isto é o que se vai facer: co que se tiña presupostado se van a facer 2 non, 3 cousas; e porque hai xente en Baiona que despois de oír o que reivindicaba as familias do noso Concello, e de entender de boca desta Corporación e desta concelleira que lle fala, o bó que ía ser isto dentro de todo o que estamos pasando, pois van a apoiar esta iniciativa. E mire, dende que estamos nós, a ONG de axuda ó Mundo necesitado en Baiona, ten un local, coa luz pagada por nós; se fixo un convenio, por nós, tódolos baioneses, polo Concello, e non ven do Estado, senón polo Concello; nin da Xunta; se fixo un convenio no que se aportaron uns cartos para as familias que se daría de comer tódolos mércores; este ano vaise dotar con 2.500 euros o tema de Navidad (o ano pasado foron 2.000); non estamos descoidando nada, o que estamos é xestionando. E do que se trata coa Lei de Dependencia llo volvo a decir: é o do biberón; claro que sí, a Xunta está traballando, o que se necesita son cartos, cartos; os galegos tamén somos de Deus, e os que non creen en Deus tamén son da terra, son de aquí, e iso é o que pedimos: cartos, claro que sí, para poder facer todo isto; e co que pide o BNG, eu estou dacordo; pero todo isto pasa porque se ten en conta a dispersión, o envellecemento, e hai que ver os problemas que temos cada Comunidade Autónoma e que non se leven os demáis todo e nós nada; senón queren dotar de recursos que non creen unha lei; iso é o único que pedimos, claro que sí, a patata quente a temos todos por iso pedimos tanto a nós, á Xunta, e a todos, porque todos estamos en isto; e o que pedimos ó Estado é que nos dé cartos, xa o dixó Manolo Vilar: todo isto se soluciona pondo cartos na mesa. E vostede dí que hai máis cartos este ano, ¿para onde?, o que non dí é para onde; podemos falar do Estatuto Catalán, podemos decir o acordo que se chegou que tódalas empresas que teñen sede en Cataluña o 100% dos impostos van a ir para alí, para aquí non, nin siquiera para Madrid; pero de Madrid, para eles, tamén llo dan. Podemos falar de iso, podemos falar de moitas cousas, pero eu estou decindo que nós vamos a seguir loitando polos baioneses, polos galegos.

O Sr.Alcalde procede á votación das enmendas presentadas polo BNG, co texto seguinte:

“Instar á Xunta de Galicia a:

1º.- Dotar nos orzamentos para o 2010 recursos suficientes para asegurar a cobertura de tódalas persoas dependentes que, de conformidade co calendario de aplicación da Lei, teñen dereito a recibir a súa prestación.

2º.- Pagar en prazo as prestacións que teñen recoñecidas as persoas dependentes.

3º.- Instar ao Goberno do Estado a que dote os orzamentos do 2010 de recursos suficientes para asegurar as coberturas derivadas da Lei de Dependencia, de acordo co calendario de aplicación da Lei. 4º.- Mantér os planos de despregamento do Sistema Galego de Benestar, acelerando a apertura das residencias e centros de día xa construídos e a construción dos que xa están proxectados (como por exemplo ó de Baiona, que leva paralizado máis dun ano).



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

5º.- Colaborar cos Concellos a través do Consorcio Galego de Servizos de igualdade e Benestar na prestación de servizos e prestacións sociais de calidade ao conxunto da poboación de Galiza.”

Resultando: votos a favor da enmenda, 2, BNG; votos en contra, 9 (8,PP, 1,CMÑ); producíndose 5 abstencións, PSOE; polo cal rexeitanse as enmendas presentadas polo BNG.

Procede agora o Sr.Alcalde a someter a votación o presente punto, resultando: votos a favor, 9 (8,PP, 1,CMÑ); votos en contra, 7 (5,PSOE, 2,BNG).

Polo cal o Pleno, por maioría, aproba-los seguintes ACORDOS:

PRIMEIRO.- Instar ao Goberno Central a que asuma o 50% do custo do servizo efectivo outorgado polas CC.AA. na Lei de Dependencia, buscando o cumprimento da lei.

SEGUNDO.- Instar ao goberno da Xunta de Galicia a devolver aos concellos o protagonismo que sempre tiveron na atención social, delimitando competencias e buscando fórmulas de colaboración entre concellos, deputacións e Xunta de Galicia, para que o cidadán reciba os servizos efectivos que a lei lle garante.

TERCEIRO.- Instar ao goberno central a ter en conta o recoñecemento económico efectivo acorde á situación de dispersión e envellecemento de Galicia.

CARTO.- Instar á Xunta de Galicia e aos gobernos municipais a colaborar con todas as entidades prestadoras de servizos sociais para garantir unha rede coordinada de servizos para garantir unha oferta suficiente de prazas de residencia, centros de día, axuda a domicilio, teleasistencia e centros especializados como os de alimentación e distribución de comidas, alzheimer, discapacitados psíquicos e físicos.

5.-APROBACION, SE PROCEDE, DA MOCION DO EQUIPO DE GOBERNO RELATIVA Ó SECTOR PESQUEIRO DE ALTURA.

O Sr.Alcalde cede a palabra ó **SR.RODAL, PP**, quen da conta da seguinte:

MOCIÓN DOS GRUPOS MUNICIPAIS DO PARTIDO POPULAR E DE COALICION MIÑORANA DO CONCELLO DE BAIONA

Os portavoces dos grupos municipais do Partido Popular e de Coalición Miñorana do Concello de Baiona, ao amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réximen Xurídico das Entidades Locais, formulan, para a súa discusión e no seu caso aprobación no Pleno Ordinario a seguinte

MOCIÓN EN APOIO DO SECTOR PESQUEIRO DE ALTURA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nas últimas semanas asistimos a un acontecemento que pudo ter gravísimas consecuencias. O atuneiro vasco “Alakrana”, con tipulación galega foi secuestrado durante



EXCMO. CONCELO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

cuarenta e sete días. O ano anterior ao atuneiro "Playa de Bakio" con tripulantes baioneses tamén, ocurriulle o mesmo.

Baiona e unha vila que desde fai moitos seculos demostrou seu compromiso ca navegación en xeral e ca pesca en particular, traballando baioneses en todos os océanos do mundo.

Hoxe sigue sendo un pilar importantísimo da economía de moitos baioneses. Si ata agora a preocupación das familias mariñeiras eran o mal tempo, a escasez de peixe, agora añádese os posibles ataques dos piratas.

Demasiados problemas para unha xente que o que busca é traballar e manter a súa familia a miles de millas e respetando escrupulosamente a legalidade.

Por todas estas razóns, os Grupos Municipais que subscriben, consideran de interese municipal prioritario que o Pleno da Corporación **ACORDE**:

PRIMEIRO.- Felicitar aos mariñeiros liberados tralo secuestro do Alakrana, en especial aos tres procedentes do Val Miñor, Ricardo Blach, Joaquín Fernandez e Pablo Costas e pornos a súa disposición para o que necesiten.

SEGUNDO.- Non renunciar a ningún caladeiro no que traballen o poidan traballar nosos mariñeiros, dentro das normas legais vixentes: aguas internacionais, aguas pertencentes a países cos que teñamos licencias en vigor,...

TERCERO.- Que se dispoñan por parte do Goberno e dacordo cos organismos internacionais competentes sistemas coordinados para acabar con esa nova lacra que é a piratería internacional.

CUARTO.- Remitir este acordo ao Presidente do Goberno.

CONTINUA.- Por las aguas del Indico transitan al año unos 23.000 barcos de diferentes países, en concreto de 44 países diferentes. En el año anterior, en el 2008, se produjeron 70 secuestros, entre los que estuvo el atuneiro español "Playa de Bakio", secuestro muy duro durante los 7 días en que produjo y que todos pudimos vivir, en el que aguantaron muchísimas vejaciones los marineros, incluso los de nuestra zona de Baiona. En este año 2009 los piratas somalíes ya han atacado a 128 embarcaciones, y de ellas el secuestro número 44 ha sido el del "Alakrana", con 36 tripulantes a bordo, 16 de ellos españoles: 8 vascos y 8 gallegos. Actualmente en la zona del Indico están faenando 22 atuneros españoles; recientemente, creo que fué el domingo pasado, el atunero "Octubre", en el cual iba un marinero de La Guardia, fué atacado, y por suerte pudieron repeler este ataque.

Lo que decimos en la moción es que es una zona en la cual no se puede trabajar con un mínimo de condiciones; por ello en el primer punto decimos: "Felicitar aos mariñeiros..", obviamente hay que felicitarlos, pero también hay que felicitar a todas las familias y en concreto a la hija y mujeres de algunos de ellos porque gracias a ellas se logró que este secuestro tuviese un buen fin y se acelerase el proceso; también agradecer a todos los baioneses el apoyo dado tanto en el caso del "Playa de Bakio" como del "Alakrana" en las concentraciones, de forma masiva, tanto en la que se hizo en la plaza del Concello como en la de Vigo, y cómo no también el agradecimiento a toda la Corporación municipal porque creo que hemos estado a la altura de la situación, tanto en el apoyo a los familiares, poniendo a su disposición todos los servicios del Concello en estos 47 días de secuestro y también ahora que ya están aquí una vez liberados, tanto a los familiares como a los propios secuestrados. Agradecer tanto a ACEBA como a toda la Corporación su solidaridad, como no podía ser de otra manera, cancelando a 2 días vista, con la repercusión económica negativa que eso conllevó, la segunda Fiesta gastronómica de la lura; creo que todos hemos sido totalmente sensibles. Lo que pedimos es que estos 22 atuneros españoles que están ahora faenando puedan seguir trabajando con dignidad, con calidad, trabajar dignamente, y sobre todo que la



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

Comunidad internacional tenga los instrumentos necesarios para poder garantizar, prevenir y combatir este fenómeno reciente que es la piratería en Somalia.

SR.LORES, PSOE.- Nesta moción, como ben explicou o portavoz do PP, temos dúas partes e as dúas son moi importantes. Unha, o recoñecemento de que a pesca de altura é un factor importante para a economía do noso Concello posto que temos a moita da nosa xente traballando por tódolos mares do mundo, o cal supón unha fonte importante de ingresos, tanto agora como antes; polo tanto, o apoio da Corporación á pesca de altura parécenos oportuno e máis nestes momentos de incertidume e de dificultades que concretamente están pasando no Indico e tamén noutros mares conflictivos. Parécenos oportuna esta consideración por parte da Corporación, este apoio a este sector.

Xa noutra parte, que é a que máis toca ó último acontecemento dramático para Baiona e para outros pobos do Estado, nós queremos tamén felicitar ós mariñeiros pola súa liberación, desexandolles que teñan unha pronta recuperación despois deses 46 días de calvario que sufriron e que poidan recuperar a súa normalidade.

Queremos facer unhas enmendas para incorporar a esta moción; unha délas sería facer un recoñecemento ou unha felicitación ós veciños da bisbarra de Vigo, ou incluso de Galicia, que se concentraron e que sempre estiveron pendentes, e que responderon ó chamamento tanto dos mariñeiros como das institucións que nun momento nos movilizamos para pedir a pronta resolución deste conflito; polo tanto creo que deberíamos incluír nesta moción ese agradecemento a tódolos veciños da área de Vigo.

Tamén creo que se deba non xa agradecer, tampouco felicitar, pero sí creo que se debe recoñecer o traballo feito polos Goberno do Estado, da Xunta, e de Euskadi, na resolución deste conflito, porque realmente é de xustiza recoñecer que estes 3 gobernos, dentro das críticas que poidamos ter ou que podan existir, sí tiveron unha implicación clara na resolución deste conflito, de feito hai moitos barcos secuestrados no Indico pero os barcos españois, de momento, están saíndo. Polo tanto creo que é de xustiza recoñecer o traballo dos gobernos; non digo nin felicitálos nin agradecerllo posto que é a súa labor, pero sí recoñecélo. Esas serían as dúas enmendas que nós incluíríamos nesta moción. Moitas grazas.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Cando ún lee unha moción deste tipo moi ben non sabe para que serve. E unha moción de boas intencións pero pouco máis alá, non vai a ningún lado; en todo caso o primeiro punto de felicitar ós mariñeiros liberados e ás súas familias, en todo caso a nós parécenos ben que se faga, e tamén que os Gobernos a quen corresponda, que deben ser o do Estado e incluso da Comunidade Europea, pois tomen as medidas para que deixe de existir esta piratería. Eu, media hora antes de vir aquí ó Pleno, estiven tomando un café, e había unha señora ó lado miña lendo o periódico no que hoxe ven tamén o do Alakrana, e foi curioso porque decía o novo patrón, que é de aquí de Baiona, que agora están máis seguros coa seguridade privada, e a señora lendo en alto decía "sí, sí; isto non é solución", palabras textuais déla; entón me comentaba que a xente está traballando con moita tensión porque os ataques seguen levándose adiante, que a seguridade privada non é a solución definitiva, evidentemente; eu incluso participei nalgún debate na radio galega e dixen que o único que se facía era buscar un parche provisional, que ó mellor é correcto facélo a estas alturas, pero que en todo caso o que se estaba facendo era levantar un listón; e ó mellor no próximo secuestro xa para empezar comencamos a falar de disparos e de xente morta. Entón, os Estados teñen que buscar unha solución urxentemente; a urxentísima foi meter seguridade privada a bordo, ou meter militares, non sei cal é a máis adecuada, pero sí teñen que buscar unha solución porque isto non pode seguir así. E pola parte que nos toca a nós en Baiona, temos que pelexar; por iso decía que non se sabe moi ben para que serve esta moción pero me parece ben que se presente porque temos responsabilidade nesta cuestión porque resulta que a inmensa maioría dos mariñeiros de Baiona, un porcentaxe altísimo, están ahí; porque cada vez que sae a televisión enfocando a mariñeiros que están nas Seychelles ou naquela zona é que sempre temos algún coñecido, ou algún familiar. Eu trasladeille ó noso grupo no Parlamento, á compañeira Olalla, que a felicitei pola intervención que tivo no Congreso, pero é que non fun eu so quen a chamou, a chamaron tódolos mariñeiros de Baiona, de Moaña, e



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

de Cangas, e lle dixeron textualmente que estaban totalmente dacordo coa exposición que había feito. Ahí é onde nós temos que apretar; onde está a nosa responsabilidade, é decir, os mariñeiros, xa soamente con ir ó mar e arriscar as suas vidas polas inclemencias metereolóxicas e polo propio desenvolvemento da súa actividade, xa lle chega; non poden andar con adimentos de que si hai piratas, ou de que haxa o que haxa; polo tanto nós vamos apoiar a moción; creo que, como decía Rodal, a Corporación no seu caso fixo o que tiña que facer, creo que estivemos todos pendentes e incluso a nós deunos a sensación nalgún momento de non querer intervir máis para non entrar na intimidade das familias, o que creo que é importantísimo, e creo que o fixemos todos correctamente, e por suposto que hai que felicitar e sacar as conclusións de que para outra vez ten que ser así; e os que nalgún momento actuaron dunha maneira que non deberan, que parece ser que nalgún momento se actuou mal, pois que tomen nota para que a próxima vez non ocorra o mesmo porque entón xa sería grave. En todo caso o importante é que xa están na casa, están ben, e o do diñeiro xa é outro cantar, xa é cousa doutras instancias. Vamos apoiar esta moción.

SR.VILAR, CMÑ.-En primer lugar decir que aquí non hai que censurar a nadie da Corporación, todos estivemos á altura das circunstancias dentro das posibilidades que tiñamos para actuar. Para Baiona é moi importante esta moción. Creo que Xose Enrique se contradeciu un pouco na súa intervención, empezou decindo que para qué serve esta moción e logo rectificou sobre a marcha e se deu conta da importancia que ten para Baiona, xa que Baiona posiblemente sexa de toda España a poboación, xunto con Bermeo, que teña máis tripulantes no atún; en calquer barco aparecen mariñeiros de aquí, incluso familiares como teño eu, cuñados, tíos da miña muller, que traballan no atún; o porcentaxe en Baiona é moi alto.

Esta moción serve para moito xa que penso que o Goberno do Estado cando recibe unha moción da Corporación de Baiona, ou de Bermeo, a ten que valorar, posto que somos dúas poboacións básicas no tema do atún, e posiblemente doutros lugares non. Esta é unha moción moi importante, que a Corporación poña sobre aviso das situacións que se viven na zona do Indico, ún dos caladeiros máis importantes do mundo en pesca do atún, e onde traballan moitos cabezas de familia de Baiona; e non olvidemos que a pesca de atún supuxo para Baiona unha renda importante ó longo destes anos que posibilitou que a labor do mariñeiro se dignificara dalgún xeito, porque sabemos que é dura e posiblemente dentro dese mundo o atún sexa unha das pescas (a pesar do perigo) á que os mariñeiros prefiren ir, xa que polo menos durmen de noite e traballan de día.

A situación é moi complicada e creo que a quen hai que meter presión agora é ó Goberno do Estado, porque o Goberno nesta materia ten unha serie de armas moi importantes; en primeiro lugar, a piratería existe, é algo que está ahí, é unha ameaza permanente, os piratas están moi organizados, e como nos decía o capitán, Ricardo, cando o goberno de Somalia decía que ía acabar coa piratería os piratas respondían "sí, pero vós tedes 2 millóns de habitantes e nós somos 8", ou sexa que é algo moi complicado que desborda a unha actuación de delincuentes comúns; os piratas non son delincuentes comúns, son practicamente un exército organizado dun país trival sen Estado, e creemos que ahí as intervencións desbordan aos gobernos, desbordan posiblemente ó Goberno de España, e terá que actuar a Comunidade Internacional con actuacións contundentes; hai unha gran inseguridade, xa non só para a pesca, senón para o tráfico marítimo nunha rexión dunha gran estratexia, sobre todo o que é o acceso ó Canal de Suez, e onde tódalas mercancías que veñen da China, a pesca e demáis, están suxetas ó tema da piratería. E nós, os españois, aínda nos concienciamos a nivel de país, de que había un barco español detido, e houbo movilizacións, pero hai moitos barcos ahí que levan moitos meses detidos, que son de Estados emergentes, algúns da antiga Unión Soviética, onde nadie se move por rescatar á xente. Repito, creo que éste é un tema internacional, e esperemos que non se cometan érrros como os que se cometeron traendo ós dous piratas para España; ese foi un erro que o comete un país como España, quizás non o cometeran nin Francia nin Inglaterra, onde teñen unha experiencia máis intervencionista en África que nós; nós vamos de Quijotes pola vida e



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

as veces non sabemos de quen foi o erro, porque ese foi un erro, traer a eses dous piratas para aquí, cando ao mellor habería que télos alí retidos dentro dunha fragata e deixálos marchar cando interesara, ou non; esa é unha estratexia que fan os grandes países que teñen experiencias no mundo e que actúan, como no caso de Francia ou de Inglaterra. Aquí foron de Quijotes pola vida e así pasou o que nos pasou, e seguramente ese foi erro do Goberno de Estado que posiblemente hoxe non o volvería a repetir porque as veces se aprende das experiencias.

Creo que esta moción é oportuna e positiva, e non hai que baixar a garda porque alí seguen os mariñeiros, seguen traballando, se segue producindo, e é ún dos sectores básicos da nosa economía. Temos escoitado auténticas barbaridades; un mariñeiro non pode estar nunha zona acotada, ten que buscar o peixe, e o peixe non está dentro dun perímetro de seguridade e hai que ir a outras zonas a buscálo, senón deixarían de existir os pescadores, non se pescaría.

Temos que intentar por tódolos medios que se apoie a este sector; o Goberno ten que implicarse máis e ten que tomar conciencia do que representa a pesca; e creo que ahí nós, como pobo de mar, como pobo implicado directamente, temos que movernos con todas estas mocións; creo que hai que enviarllas ó Goberno e seguir insistindo porque seguramente isto non vai acabar aquí, haberá máis secuestros, que ninguén o descarte, e hai que estar ahí e intentar non cometer máis os erros que se cometeron neste tema dos secuestros e que foron moitos; esperemos que a xente tome conciencia e especialmente os gobernantes. Moitas grazas.

SR.ALCALDE. - Quixera facer unhas anotacións, creo que se falou e se falou ben dun tema moi importante para Baiona, e decir que agora, xusto antes de entrar no Pleno, ún dos periódicos a través de Internet falaba de que houbo un atentado terrorista hoxe en Somalia onde morreron 3 ministros; é decir, estamos nun Estado, como decía Manolo Vilar, que non é un Estado, e que se hai un poder de terroristas que matan a medio Goberno significa que o risco para os nosos pescadores é altísimo, e por tanto hai que actuar a nivel internacional, xa non vale falar de Guardia de seguridade ou incluso de marines, que para un tema concreto pode estar ben, como medida de emergencia está ben, pero evidentemente hai que ir moito máis alá. O segundo que quería dicir é que tódalas actuacións que se fixeron dende o Concello de Baiona foron sempre contando co visto bó das familias, sempre se preguntou se facíamos isto ou facíamos o outro; de feito estivemos parados durante unha semana porque as familias non querían facer nada, e nós, cando eles dixeron "sí, non podemos continuar así" puxemos a disposición os medios; e creo que en xeral, o sentimento da poboación de Baiona, e das poboacións galegas e vascas, e como decía Rafa Lores de incluír na moción, eu non falaría nin do Val Miñor nin dos veciños, eu falaría dos veciños en xeral porque creo que todos apoiaron de forma importante; agradecer aos veciños de tódolos Municipios o traballo que fixeron, esa sensibilización que foi tan importante. Eu soamente teño un pero, e o quero dicir aquí: me dá pena, me dá lástima, que sempre actuamos en atentados, en naufragios, neste tipo de cousas, chamándonos os portavoces, e deume moita pena e lástima que sabendo como o sabía o portavoz do BNG que eu na mañana do vénres famoso estaba saíndo de Baiona porque tiven que ir a Gijón ó mediodía para voltar de novo á noite, pois se me informe que se piden unhas medidas por parte do BNG por Rexistro de Entrada; co fácil que houbera sido chamarnos, como facemos sempre, entre os portavoces, e dicir "dende o BNG querríamos tomar esta medida, e o demáis"; o feito de preguntar por escrito por Rexistro, e os periodistas, que ós 15 minutos xa nos estaban si se ía facer o que decía o BNG, me deu pena; me deu pena que se quixera instrumentalizar algo tan importante cando ata ese momento nunca, nunca, se fixera; estando nós no Goberno sempre se falou cos portavoces e se decía "hai esta inquietude, ¿porqué non facemos algo?, sempre se fixo en conxunto; nunca quixemos o protagonismo; nin no balcón do Concello apareceu ningún político; o manifesto, que o habían feito os Concellos vascos, se leeu por unha filla do capitán do "Playa de Bakio", á quen agradecemos a colaboración que tivo connosco neses días, pero desgraciadamente o que acabo de comentar é algo que non me gustaría que se repetira porque creo que son momentos difíciles, momentos



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

para todos complicados, e creo que debe haber esa unidade entre os partidos ante temas tan importantes. Quería decílo porque me parece que senón se din as cousas quedan no aire; e neste caso creo que a actitude do BNG non foi correcta.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Isto convén aclarálo; ningún dos concelleiros do BNG tiña coñecemento de que o Alcalde se trasladara a Gijón; non tiñamos coñecemento, e é máis: o tivemos creo que foi ó mediodía que Ani mo dixó; eu descoñecía totalmente a situación. Sr.Alcalde, efectivamente hai cuestións que nos chamamos os portavoces, falamos, comentamos, e decidimos a veces, incluso; pero eu querolle recordar unha cousa: aquí, cada grupo político actúa da maneira que cree máis oportuna; nós creemos que en vista de que o Alcalde non había tomado medidas respecto á Festa da lura, nos parecía fora de lugar facélo; en todo caso quero decirlle que vostede non sempre nos chama, non o fai sempre, esa é a realidade; vostedes foron a recibir como goberno de Baiona ós mariñeiros do "Playa de Bakio" sen contar con ningún grupo político máis, e iso tamén o teño que decir eu a vostede; foron ó aeroporto vostedes, e eu non sei se convidaron ó señor Lores, a mín non; non me pareceu unha cuestión correcta pero pasei da historia, que o mellor foi tan incorrecta como a que fixemos nós, non o sei; pero aquí cando chove, chove para todos.

Non quixera facer máis debate do tema porque creo que a actuación en tódolo proceso foi máis ou menos impecable; e a mín pareceume ben cando se tomou a decisión de que falaran aquí soamente os veciños e a nós non nos consultaron nada en ningún momento, pero nos pareceu ben; nos pareceu ben porque tamén hai que darlle a oportunidade ó goberno, ó Alcalde neste caso, de que actúe en representación de todos como ten feito, e a nós nos parece correcto; e tamén nos pareceu aquel momento oportuno porque cando pasamos ás 8 da mañana polo montaxe da Festa da lura se seguía traballando e tanto o meu compañeiro como eu pudemos comprobar que non se estaba paralizándose nada, por iso nos marchabamos os dous naquel momento do Concello e antes de marchar fixemos o escrito a correr e se meteu por rexistro; e é máis, eu chamei ó Alcalde para comentarllo e non me colleu o teléfono, me imaxino que porque ía pola autopista; en todo caso, as cousas foron así; queremos deixar clara a nosa postura.

SR.ALCALDE.- Simplemente decir que a mín me gusta decir as cousas cando non estou dacordo, non saír na prensa a decílo; si había algún problema co "Playa de Bakio", por certo eu non estaba aquí, pero a representación que foi me parece moi ben que fora, decirlle que se a vostede non lle pareceu ben eu creo que o lóxico sería que naquel momento dixera "pois non estou dacordo con este tema", creo que para iso estamos, e se poden cometer erros; non hai ningún problema; por iso non quero esperar dous anos a decirlle isto; isto llo digo agora e no Pleno, nin dentro de 2 anos nin nos periódicos, llo digo aquí.

SR.VILAR, CMÑ.- Me gusta que Xose Enrique diga iso porque as veces se levan cousas dentro e non se aclaran. O Alcalde é o representante de tódala Corporación en momentos determinados, e se o Alcalde ten que estar, xunto co Presidente da Xunta, cando chegaron os mariñeiros, pois eu me sinto satisfeito de que esté alí o noso representante; non me parece mal, está como Alcalde; e cando foi o tema do "Playa de Bakio" eu fun alí porque estaba de Alcalde en funcións porque non estaba o Alcalde; me gustaría que se mirara dende esa perspectiva; non estaba alí como representante dun grupo político; eu fun a recibilos como Alcalde en funcións. E agora aquí, o Alcalde non quixo ir polas razóns que sexan, pero si estivera me parecería correcto porque é o Alcalde, independentemente do color político que poida ter; esta é unha aclaración que lle fago a Xose Enrique; me coñece de sobra e sabe que nestes casos nós nunca nos arrogamos representacións partidistas. Me encanta que sacaras este tema e que agora xa teñas esta aclaración coa que creo que quedarás satisfeito.

SR.ALCALDE.- Sobre o tema das solicitudes do PSOE, nós estivemos falando e aceptaríamos incorporar a felicitar ós veciños en xeral dos diferentes pobos, pero non a incorporación do recoñecemento das Administracións porque entendemos que é a función que teñen que facer e



EXCMO. CONCELLO
DE
B A I O N A
(PONTEVEDRA)

non queremos entrar en recriminar a unha e felicitar á outra; o que sí pedimos é que a Administración á que corresponda se involucre para dar maior seguridade ós nosos mariñeiros. O texto podería ser "Agradecer a los vecinos de todos los Municipios involucrados"; Vigo non tiña mariñeiros involucrados pero sen embargo ahí estivo; polo apoio recibido.

O Sr.Alcalde procede á votación da primeira enmenda presentada polo PSOE, "Agradecer ós veciños de todos os Municipios involucrados polo apoio prestado e solidariedade ós mariñeiros secuestrados e ás súas familias", **resultando aprobada por unanimidade.**

O Sr.Alcalde procede á votación da segunda enmenda sinalada polo PSOE, referente ó recoñecemento ó traballo do Goberno do Estado, da Xunta, e do País Vasco, resultando: votos a favor, 5, PSOE; votos en contra 9 (8,PP, 1, CMÑ), producíndose 2 abstencións, BNG; polo cal rexeitase esta enmenda.

Procedese a votación da Moción presentada engadindo á mesma a primeira enmenda, resultando aprobada por unanimidade.

Polo cal o Pleno, por unanimidade, aproba-lo seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Felicitar aos mariñeiros liberados tralo secuestro do Alakrana, en especial aos tres procedentes do Val Miñor, Ricardo Blach, Joaquín Fernandez e Pablo Costas e pornos a súa disposición para o que necesiten.

SEGUNDO.- Non renunciar a ningún caladeiro no que traballen o poidan traballar nosos mariñeiros, dentro das normas legais vixentes: aguas internacionais, aguas pertencentes a países cos que teñamos licencias en vigor,...

TERCERO.- Que se dispoñan por parte do Goberno e dacordo cos organismos internacionais competentes sistemas coordinados para acabar con esa nova lacra que é a piratería internacional.

CUARTO.- Remitir este acordo ao Presidente do Goberno.

QUINTO.- Agradecer ós veciños de todos os Municipios involucrados polo apoio prestado e solidariedade ós mariñeiros secuestrados e ás súas familias.

6.- APROBACION, SE PROCEDE, DA MOCION DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG RELATIVA AS CAIXAS DE AFORRO.

O SR.FERNANDEZ, BNG, procede á lectura da seguinte MOCION:

MOCIÓN SOBRE AS CAIXAS DE AFORRO

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O estoupido da crise financeira está a provocar un amplo debate sobre o modelo de caixas de aforro en Galiza, ao que non poden ser alleas as entidades locais. Alén do seu carácter de



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

entidades financeiras, as caixas -pola súa natureza fundacional- teñen unha vocación social e unha vinculación co territorio no que se asentán e constitúen o principal instrumento financiador da economía galega.

A situación actual de recesión económica e de dificultades financeiras fai necesaria a intervención por parte dos poderes públicos galegos na adopción dunha estratexia por parte das caixas de aforro galegas de apoio decidido aos sectores produtivos galegos, ás empresas que producen e crean valor en Galiza e, en xeral, a contribuír ao impulso da economía produtiva do país. Cómpre, polo tanto, máis que nunca a coordinación da política crediticia e de investimentos das caixas de aforro galegas, orientándoas a fortalecer os lazos co tecido empresarial galego e apoiar o financiamento dos sectores económicos estratéxicos, así como a xeración de emprego.

Por outra banda, a precipitación de acontecementos e novas sobre a reestruturación das entidades de crédito, logo da constitución do Fondo Ordenado de Reestruturación Bancaria (FROB), obriga a ter unha posición común en defensa da galeguidade das caixas de aforro de Galiza, a salvagardar as competencias exclusivas que sobre as caixas de aforro se recoñecen no Estatuto de Autonomía, e a adoptar decisións sen demora que garantan a solvencia das caixas galegas e a recuperación do seu papel de canalización do aforro galego cara os sectores vitais da nosa economía produtiva.

A consecución deses obxectivos obriga necesariamente a que as caixas de aforro galegas manteñan os seus centros de decisión en Galiza, mais tamén a abordar unha reforma legal pola que se reforce a función de protectorado e control público das caixas de aforro, dada a súa natureza e función social, para conectalas coa estratexia económica máis acada aos intereses económicos xerais do país; así como se mellore a transparencia no seu funcionamento, afondando nunha maior democratización dos seus órganos directivos.

Por todo iso, sométese á consideración do Pleno a aprobación do seguinte **ACORDO**:

- 1. Instar á Xunta de Galiza a asegurar, en uso das súas competencias, que o centro de decisión das caixas de aforro galegas se manteña, en todo caso, en Galiza.**
- 2. Instar ao Parlamento de Galiza a que aprobe unha lei reguladora das caixas de aforro galegas que asegure o seu carácter público, a democratización dos seus órganos de goberno, o seu compromiso efectivo coa economía produtiva e a creación de emprego en Galiza, así como a orientación da súa obra social cara a satisfacción das necesidades sociais e culturais reais do noso país.**
- 3. Trasladar este acordo aos grupos parlamentares de Galiza.**

CONTINUA.- Na Comisión Informativa acordamos ver si esta Moción estaba axeitada ó momento que vivimos agora mesmo ou se xa habíase pasado un pouco no tempo; despois de estudar ben os acordos que aquí pedimos e a exposición de motivos vamos a seguir mantendo a Moción por un so motivo: creemos importantísimo que no Goberno da Xunta e no Parlamento Galego teñan o coñecemento de que os Concellos galegos (que están representados polas Corporacións) tomen postura no asunto, é dicir, que se sintan respaldados porque os Concellos sí queren o que aquí estamos pedindo. Parece que hai unanimidade, polas últimas novas que saíron incluso onte na prensa, en que esta moción, que está presentándose en tódolos Concellos de Galiza está sendo aprobada por unanimidade, é dicir, este mesmo texto está aprobándose tal e como se reflexa. Polo tanto creemos importantísimo que o Goberno da Xunta, neste caso, se sinta respaldado polo Concello de Baiona.

Referente a este tema se ten escoitado en moitísimos programas de tv, radio, e se ten leído na prensa escrita, cales son, máis ou menos, os motivos de cada parte implicada; eu teño escoitado en moitísimos programas de radio a verdadeiros expertos na materia (cousa que neste caso eu non son), escoitas a uns, escoitas a outros, e podes sacar unha conclusión; pero tamén escoitas datos que dan a veces e que son chocantes; o outro día un dos



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

participantes na Radio galega decía que CAIXANOVA, no investimento das obras sociais de CAIXANOVA, que andaban non sei se arredor dun 35%, ou algo así; e CAIXA GALICIA que andaba nun 40%; eu recordei moitos dos financiamentos que fai CAIXA GALICIA no verán en actuacións que serían imposible levar a cabo sen a súa colaboración por moitos Concellos; iso é o que te ven á memoria; e de ahí a importancia da cuestión, e CAIXANOVA exactamente igual; o Colexio Hogar está, ou estaba ata fai pouco, financiado integramente por CAIXANOVA; eu estiven alí estudiando durante 3 anos e así era; ou sexa, é unha obra social importantísima. Pero non son Caixas de Aforro fortes e potentes como son a madrileña e a catalana, e claro, ún non entende e dí "será pola densidade da poboación, ou de clientes; será polo montante total", e efectivamente debe ser así, pero en todo caso a obra social de CAIXA MADRID, ou da CAIXA catalana, resulta que non está nin no 35% nin no 40%, está no 5 ou no 8%, é dicir, é practicamente un Banco, entón enténdense moitas cousas das que están sucedindo, de que se vamos a ser absorvidos por Madrid ou por Barcelona, e ¿en beneficio de quén?, pois en beneficio de onde teñen a súa sede social; por iso creo que é importantísimo o acordo que se tomou na Galiza e que neste momento o que hai que ter é altura de miras e pasar por encima dos intereses pessoais de certos señores que están nos órganos de dirección das Caixas de Aforro, de personalismos, e xa non digamos de localismos como ten manifestado algún político que me parece que está fora de lugar por moitos intereses que le vaian a él (me refiro na política municipal); hai que ter altura de miras; e de que os órganos de decisión e o diñeiro se invista aquí e non nos pase como nos ten pasado con empresas privadas como FENOSA, que pasou para Madrid no ano 85, ou outras moitas; é dicir, aquí nos comemos os marróns; aquí nós roemos o oso e quen como a carne son outras Comunidades que así lle vai. Repito que é importantísimo que a unidade que hai agora mesmo no Parlamento siga existindo e que se sintan respaldados pola máxima cantidade de Concellos posibles de Galiza. Por todo isto pido o voto favorable a esta Moción. Moitas grazas.

SR.RODAL, PP.- Creo que todos estamos de acordo en que estamos en un momento en el cual es necesario aumentar la competitividad de las entidades financieras y en España este número cada vez es más elevado, por eso en este momento de desaceleración económica tan serio como el actual es necesario abrir una reflexión sobre si hay ó no que reestructurar el sistema bancario como están haciendo en otras economías.

Consideramos que Galicia no puede desaparecer del mapa financiero español y por lo tanto debe dar los pasos necesarios para seguir contando con entidades de crédito fuertes, solventes, capaces de competir en el panorama actual. El proceso de concentración iniciado a nivel nacional hace unos meses no debe suponer en ningún caso una amenaza para Galicia, y eso pasa, sobre todo, por fortalecer nuestras entidades gallegas sin permitir que la Comunidad quede sin entidades propias y sin trasladar los puestos de trabajo de Galicia al exterior; se debe evitar el riesgo de que nuestras Cajas desaparezcan por motivos de solvencia, por eso es vital reforzar la Ley de Cajas, como comentaba el señor Fernández, para fortalecer el sistema financiero gallego.

Creo que todos debemos basarnos en los criterios de solvencia y sobre todo de galleguidad. Muchas gracias.

SR.ESTEVEZ, PSOE.- Nós imos apoiar a Moción estrictamente nos acordos de instar á Xunta de Galiza a asegurar que o centro de decisión das caixas de aforro galegas se manteña en Galiza; de instar ao Parlamento de Galiza a que aprobe unha lei reguladora das caixas de aforro galegas que asegure o seu carácter público (o que creo que se vai facer polo método de urxencia, incluso antes do 31 de decembro), e de trasladar este acordo aos grupos parlamentares de Galiza. Nos parece unha moción acertada e correcta e imos apoiála.

O que sí quería comentar é que nós aquí somos concelleiros, en Baiona, e defendemos e representamos ós veciños e veciñas de Baiona, ás empresas e empresarios de Baiona, e non sei que pasa hoxe neste Pleno que estamos falando de Madrid e de Barcelona; e eu son do Erizana, socio e aparte patrocinador, ou sexa, todo; e vou a defender o que representamos aquí. Dende un punto de vista puramente económico na situación de crisis existente, a



EXCMO. CONCELO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

fusión, para os representantes que somos nós, para os baioneses e baronesas, e para o sur de Galiza, creo que non é convinte, creo que non é acertada; entendemos que a posición de CAIXA GALICIA pois non é das mellores e que a súa fusión con CAIXANOVA podería beneficiála; tamén creemos que CAIXANOVA é a caixa do sur de Galicia, que para os baioneses e baionesas, no seu devenir económico, é moito máis acertada a competencia entre entidades financeiras; e creo que para os empresarios/as do sur de Galicia, ou incluso de toda Galicia, esa competencia tamén é boa. Polo tanto, dende Baiona, únicamente dende Baiona, creemos que a fusión non é acertada, as alianzas estratégicas sí; e que como decíamos antes, que os centros de decisión sigan en Galicia, que se faga a Lei de Caixas de Aforros, pero que a potencia, ou a capacidade, dunha caixa, se mira polos seus activos, e os activos son préstamos que se dan, que é o pasivo noso; e as Caixas de aforro e os Bancos, e o seu volume, é por seus activos; ter moitos activos quere decir que é unha Caixa moi poderosa.

A Caixa Catalana, Caixa Madrid, Caixa Galicia, teñen activos moi poderosos; por exemplo Caixa Galicia é o dobre de Caixanova, pero iso non quere decir que sexa unha Caixa saneada, nin moito menos; é decir, dar un préstamo hipotecario para unha promoción na Costa Brava é un fiasco a día de hoxe, e iso marca a capacidade dos activos.

Polo tanto, como representantes de Baiona, eu xa nin como representante socialista ou de nada, senón como representante dos veciños e veciñas de Baiona, do sur de Galicia, creemos que esta fusión non é correcta; que se pode respetar e se aceptará, obviamente; e entendo a postura da entidade financeira do sur de Galicia, a entendemos perfectamente; e que apoiamos a Moción, porque é correcta; pero que quede claro a postura, e creo que Abel Caballero realmente está nese senso.

SR.ALCALDE. - Para mín é difícil entender a súa postura de apoio á moción e ó mesmo tempo ó contrario.

SR.VILAR, CMÑ. - A veces os debates sosegados son moi interesantes; suscribo ó 100% o dito polo representante do PSOE, Sr.Rafael Estévez, o suscribo ó 100%; eu nestes momentos podería pasar da miña intervención é decir "Sr.Rafa Estévez, o que vostede dí o comparto totalmente, dende a "a" ata a "z", totalmente", e tamén o do Erizana, totalmente. Eu estou a favor da moción, e do que dí o BNG eu non vou a ir contra corrente; parece todo moi ben, todo o mundo vota a favor desta moción no Parlamento de Galicia, e non vamos a ir nós en contra da corrente, o que dí aquí é correcto; pero o que dixo o Sr.Estévez eu o tiña aquí anotado e curiosamente antes de empezar o Pleno é como se o subconsciente me funcionara, porque eu fixen este dibuxo, e llo acabo de leer no Faro de Vigo; no Faro de Vigo ven un chiste no que aparecen dúas caixas, unha grande e unha pequena, e a pequena é a que sustentaba á grande, e algo parecido nos vai a pasar neste tema; eu tiven a honra de falar co Sr.Gayoso cando viu a Baiona a firmar un convenio de colaboración da Casa da Cultura, por certo que logo foi criticado polo Sr.Fernández porque había dito que un campo de golf era bó para a economía de Baiona, dixeron "coño, entón é sinal de que non estamos tan desacertados cando unha persoa da súa importancia na economía de Galicia como é o Sr.Gayoso pois dí eso", soamente o Sr.Fernández saíu a darlle caña, cousa que non compartimos nin moito menos; pero eu tamén estou convencido de que, como baioneses, a fusión non é o mellor sistema, en absoluto; porque a fusión vai ter un coste en materia de postos de traballo, e qué duda cabe que vai repercutir negativamente nos propios empregados, por moitas xubilacións anticipadas que se queiran decir.

CAIXANOVA é a nosa caixa, e de feito recordo de sempre ser a única entidade bancaria que existía en Baiona, que era a Caixa de Aforros Municipal e Monte de Piedad de Vigo, a única existente en Baiona e que xenerou riqueza e estivo moitos anos en contacto con nosos intereses. Hai informacións de todo tipo, os economistas cada ún fala dun sistema e ao mellor a realidade non se sabe; pero decían o outro día que en Alemania, que é o país que ten a economía máis solvente do mundo, é onde existe máis cantidade de pequenas Caixas, curiosamente, que son as que están en contacto cos veciños, e é o país coa economía máis



EXCMO. CONCELLO
DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)

solvente do mundo, cousa que contradice en parte que isto das fusionés da moita máis solidez, e de feito a crisis económica nace pola deriva dos grandes Bancos, que foron quen realmente alteraron por completo o equilibrio económico, e non dos pequenos Bancos, que son os que realmente miran máis pola peseta; por iso hai que analizar as cousas dende ese punto de vista.

¿Unha alianza é mellor cunha fusión?, posiblemente sí, e de feito o propio Presidente da Xunta de Galicia, que parece ser que ten todo moi claro, fala funha unión máis que dunha fusión; ¿qué hai que modificar e facer unha nova Lei de Caixas para que haxa máis cargos políticos na representación dos órganos de dirección das Caixas?, a mín paréceme correcto, iso non vai a dificultar en absoluto o tema. Estamos ante unha situación moi complicada e difícil; incluso no País Vasco intentaron a unión das dúas caixas e non foron capaces, porque o final é o Goberno de Estado e o Banco de España quen ten dalgunha maneira que regular o tema das fusionés porque ao mellor nin a propia Xunta de Galicia pode conseguir isto; tamén se pode recurrir; é como cando hai un matrimonio e ún non se quer casar, á forza non se pode casar a ninguén. O tema é dunha complexidade enorme; eu repito que dende o meu punto de vista estou a favor da moción e vou a votar que sí porque non se pode ir contra a corrente nestes momentos; todos dicen que sí, pero eu non.

Comparto o 100% o análisis que fixo aquí Rafael Estévez, e teño argumentos para decilo; tamén é certo: nosa Caixa é CAIXANOVA, non é CAIXA GALICIA. CAIXA GALICIA víu aquí a copar territorio; claro, ¿cál é a nosa situación?, ¿cál é máis solvente?. A realidade é bastante complexa.

Eu repito, o Sr.Gayoso, Director de CAIXANOVA, que me parece unha persoa moi responsable e con gran coñecemento de causa, a nós nos plantexou un problema dun auténtico desequilibrio para a economía de Galicia se hai fusión, sobre todo que CAIXA GALICIA se meteu nuns embolados económicos bastante ilóxicos nun sistema económico, senón miren o que é o Porto exterior da Coruña, por exemplo. Estes temas hai que regulálos e mirálos con lupa. ¿Porqué a CAIXA GALICIA lle interesa a fusión?, ¿e porqué a CAIXANOVA non?, son intereses que nos desbordan; nós temos unicamente moitas informacións dun lado e doutro; é moi difícil. Polo tanto, eu son crítico con esta fusión e tamén estou dacordo coa Moción. Nada máis, grazas.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Agora lle conto Sr.Vilar: o tema de Caixanosa non é Caixanosa, é CAIXANOVA, e cada día que pasa máis nova pero menos nosa.

Aquí se falou de solvencia, decisión de Galiza, e do que se trata e no que hai unanimidade agora mesmo, é de que sexa solvente, xa que de pouco nos vale que haxa unha Caixa galega que non sexa solvente; non resolvería as demandas que hai agora mesmo; e sobre todo, que a decisión sexa galega, que esté aquí, na Galiza; en Vigo, Santiago, Coruña, me da igual, na Galiza.

Se falou tamén de postos de traballo; iso saben que hoxe en día se resolve con xubilacións anticipadas; concretamente en Baiona serían dous postos de traballo; se nos ceñimos soamente a Baiona: 2 postos de traballo; e dígollo con coñecemento de causa.

A cuestión é que o final isto é unha decisión política, e ¿porqué debe ser unha decisión política?, porque o Presidente da Xunta ten veto, non pode obrigar a ninguén a fusionarse pero sí ten veto a que se faga unha fusión que non interesa para os intereses galegos, como debera de ser. ¿Qué hai que reformar a Lei para que a decisión política sexa máis importante aínda?, tamén está todo o mundo dacordo; agora ben, os intereses que defende o Sr.Gayoso, polo que se leva oído, son intereses particulares; estará acertado ou desacertado; no dos campos de golf estaba desacertado, xa llo digo eu; agora ben, no tema da fusión ou non fusión son intereses particulares dunhas persoas concretas, polo que se ten escoitado na radio e na televisión; iso dicen os grandes expertos; decía o outro día Antonio Grañido, profesor da Universidade da Coruña, que na Galiza soamente hai 3 ou 4 persoas autorizadas técnicamente a falar desta cuestión; unha persoa moi sensata nas súas exposicións e que daba nomes e apelidos de responsables de Caixas, de todas, e de responsables políticos que



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

estaban facendo manifestacións, uns desautorizadamente sen saber do que estaban falando, e outros falando por intereses particulares e personais.

Eu non sei cal é a mellor fórmula porque non entendo de isto, podemos entender máis ou menos todos igual, ou uns máis que outros, polo seu traballo, en todo caso sexa cal sexa a fórmula: fusión, unión, non sei cal, é algo ó que estamos abocados e estamos debatindo agora mesmo por alguén que no lo está impondo, que é o

Banco de España; o Banco de España ten agora un grandísimo interés en bancalizar tódalas Caixas; ¿o mellor que houbera 2, 3 ou 4, para nós?, ao mellor para nós, como usuarios, sería o mellor, probablemente; eu, de feito, persoalmente, estou en contra de centralizar; as centralizacións normalmente, salvo en casos excepcionais, son nefastas para o usuario, nefastas; agora mesmo podería dar 20.000 exemplos, e na empresa na que traballo máis aínda.

A cuestión é que agora mesmo, efectivamente, un veciño de Baiona, poñamos por caso o portavoz do BNG, que ten unha hipoteca como calquer veciño (a pesares de que vostede o puxo rico, no seu día), ten a oportunidade de facer un cambio de hipoteca de Banco a Banco, ou de Caixa a Caixa, ou de Caixa a Banco, e como calquer veciño de Baiona vai ás dúas Caixas, porque no meu caso eu por convicción propia prefiro traballar cunha Caixa, como moitos veciños, que cun Banco; por fins sociais e por todo iso.

Eu estou en CAIXANOVA dende que teño uso de razón, coa miña cartilla, e a hipoteca a teño en CAIXANOVA, pero resulta que pido en CAIXAGALICIA unha proposta e me rebaixan a metade; pero é que aparte de iso fago outra operación coa CAIXA e aínda me dan outra opción con máis melloras; obviamente o veciño opta pola máis ventaxosa para él, ¿porqué?, porque sabe que ó final de todo, no fondo da cuestión, senón paga o recibo da hipoteca lle embargarán a casa, por tanto ten que ir onde máis intereses lle dean, e hai un abanico onde poder elexir facer esa operación; pero senón hai Caixas de aforro, hai Bancos; e o mesmo veciño fai 20 anos fixo a mesma operación cun Banco porque lle deu mellores condicións cunha Caixa; é dicir, xa non é que haxa diversidade, que é bó, pero tampouco é imprescindible; non sei se me explico. Non é imprescindible porque temos outras opcións, ¿qué preferimos as Caixas?, evidentemente pero senón hai Caixas hai Bancos. Polo tanto, todos queremos que haxa diversidade de Caixas, pero si neste momento, porque no lo imponen, dende o Banco de España, ten que ser así, temos que ir á que creemos máis axeitada para a sociedade civil galega. Moitos dicen que sí á fusión, outros que pode ser unha mestura nova, que sexa o que sexa, pero o importante da cuestión, estaremos todos dacordo, é en que sexa galega e que as decisións se tomen aquí, porque ó final que as decisións se tomen aquí significa que o diñeiro que haxa, o remanente que haxa, se vai a invertir aquí, e non en Almería, por exemplo; e que sexa solvente, evidentemente, iso é fundamental. Respecto ó tema dos postos de traballo é un marrón que temos ahí pero que se pode resolver satisfactoriamente para todo o mundo, non é un impedimento tan grave; o que nos está transmitindo moita xente é que non é posible, que vai a ser unha ruína, e en principio o que aparentemente parece, digo aparentemente porque como podemos escoitar todos, o que non quere algún é soltar o sillón, non quere soltar o sillón porque lle vai no bolsillo, e claro, eu creo que xa todos temos aquí a suficiente veteranía política como para antepór os intereses xerais de toda a poboación por encima de catro intereses privados ou particulares, e esa é a cuestión da Moción, e penso que tanto aquí como na Xunta de Galiza isto se ten moi claro e por iso se están aprobando os temas por unanimidade. Nada máis, moitas grazas.

SR.RODAL, PP.- La verdad es que para no ser un especialista en la materia el Sr.Fernández, imagino que el Sr.Vilar tampoco, y un servidor tampoco, imagino que el Sr.Estévez, que es economista, sí debería saber, pues se ha hablado bastante del tema. Lo único que he sacado en claro, porque creo que al final todos vamos a aprobar la Moción porque entendemos que es lo mejor para Galicia, aunque habláramos de localismos, lo que tengo claro es que al salir de aquí, si me dá tiempo, yo tengo mis pequeños ahorros en CAIXANOVA, es que me voy a ir



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

para CAIXA GALICIA, después de lo que dijo el Sr. Fernández, a ver si me hacen una oferta mejor.

Creo que nosotros no estamos capacitados para debatir si realmente es mejor una fusión, un sip, sistema institucional de protección que al final tendría que estar avalado por el Banco de España, que no creo que avale un sip, que al final es una fusión virtual entre dos Cajas de la misma Comunidad, ya que los sips son siempre con diferentes Comunidades; que de hecho, por lo que todos leemos, también CAIXANOVA está en contacto con otras Cajas de distintas Autonomías, que yo creo que eso es lo que aquí sobre todo decimos, para que se hiciera un supuesto sip como quiere por ejemplo Javier Losada, el Alcalde de La Coruña, que sea una fusión, ó Abel Caballero por otro lado defiende, como decía antes el Sr. Estévez, los localismos, y se inclinaria más por lo que es el sip; pero realmente eso es una fusión virtual para una posible fusión definitiva.

Todos sabemos que CAIXANOVA es un referente aquí en Baiona, con 3 oficinas, contando la de Sabaris, y estoy de acuerdo con el Sr. Fernández en que no peligran los puestos de trabajo; creo que son en Galicia 5.000 empleados los que están en las Cajas, tanto en CAIXANOVA como en CAIXA GALICIA, que no peligran, puesto que si va a haber jubilaciones, guste ó no guste, no son puestos que peligren; y con el entorno económico y social en el que estamos ahora, tan deprimente, pues sí que hay otras personas que lo tienen muchísimo más difícil. Hablando de CAIXANOVA, creo que fue hace 9 años, cuando antes había la Caja de Ahorros de Pontevedra y la de Orense, y hubo esa fusión, que más que una fusión fue una absorción, y ahí está; por lo tanto, yo no soy entendido en la materia pero creo que se tomarán las decisiones oportunas.

Comentaba el Sr. Fernández que al final todo esto es un poco tema de asientos en sillones, y yo sí creo que puede influir mucho. Pero realmente lo que importa es la solvencia, la solvencia y obviamente que se desatasquen las cañerías de los créditos; si no hay créditos esto no funciona y nadie puede montar un negocio; pero créditos con sentido porque todos estaremos de acuerdo en que parte de la crisis, ya lo hablamos en otros momentos, mucha culpa la tuvo la Banca en su momento ya que daba unos créditos exagerados y a cualquier persona que quería comprar un piso como puede ser en la zona de los Tendales, que podía valer 42 millones de las antiguas pesetas, a una persona con un contrato de 6 meses le valoraban en un 120% algunas Cajas y algunos Bancos, no todos, pero algunos en un 120% esa tasación, lo cual daba para comprar el piso, para pagar el IVA, para amueblarlo, para comprar coche y para ir al Caribe, y así ahora se está pagando todo eso; lo que no es el único motivo de la crisis, pero realmente los Bancos en su momento tiraron por esa opción y ahora es al revés: ahora cortaron el grifo tajantemente.

¿Qué puede haber una fusión ó un sip?, bien; pero lo que realmente queremos, como decía el Sr. Fernández, es que todo quede en Galicia; bien sea una sede con una actividad financiera, con una actividad social, ó una Fundación; pero todo quedará en Galicia; yo entiendo que siempre será mucho mejor que nos quede en Galicia que no que haya un sip con otras Comunidades y que después, al final, vayamos perdiendo categoría.

También imagino que a nivel local CAIXANOVA, si llega a una fusión con CAIXA GALICIA, o al revés, pues que no nos repercutirá negativamente en el campo social; creo recordar que usted habló de un 35%, que para nosotros es importantísimo; a nivel local para nosotros es vital porque sin ello no podríamos desarrollar muchísimas de las actividades a nivel deportivo, cultural, ó de otra índole.

Pienso que todos estamos de acuerdo en apoyar esta Moción; aunque también se podría apoyar la que creo que se aprobó el otro día en Diputación, con unas pequeñas variantes, es muchísimo más resumida, no sé si el Sr. Fernández tiene constancia de ella; son los 3 puntos igual pero resumidos en 3 líneas. Muchas gracias.

SR.ALCALDE.- Ya el otro día dijimos que lo que se había aprobado en la Diputación de Pontevedra, donde estábamos el Sr. Lores y yo, era lo que se había aprobado en el Parlamento Gallego; al final más ó menos es lo mismo, más amplio ó menos amplio.



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

SR.ESTEVEZ, PSOE.- Creo que é perfectamente entendible que o que plantexo eu sexa totalmente compatible con apoiar a Moción; creo que non dixen que non apoiaba o de que as Caixas de Aforro galegas non quedaran en Galicia, ou sexa, absolutamente; son un convencido de isto; de que se faga unha Lei de Caixas de Aforro tamén, é dicir, é totalmente coherente e compatible co que dixen eu.

Este tema é complicadísimo; situación económica difícil, polo cal, unha situación así é moi inoportuna, porque unha das grandes causas da crisis actual é a falta de liquidez, entón, quitar oportunidades de financiación ós cidadás ou ás empresas pois non é oportuno. Tamén dixen antes que por suposto si se fai a fusión o respetaremos e aceptaremos. Hai unha desigualdade, é que non é unha fusión, é absorción; unha absorción para que, os que representamos a esta zona de Galicia, pois obviamente creemos que nos quita oportunidades; por suposto que hai menos diversificación e polo tanto podemos ir a Bancos, claro, por suposto que sí; pero estrictamente, e dende un punto de vista económico, creo que non é estrictamente necesaria esa fusión en Galicia; e as alianzas estratéxicas con outras Caixas doutras rexións non ten para nada que abocar a que CAIXA GALICIA perda seu centro de negocios en Galicia, é dicir, que faga alianzas estratéxicas con outras Caixas doutras Comunidades pode mellorar a súa solvencia e non ten porque sair o domicilio social da Coruña, para nada; a mín é o que me parece máis adecuado, que siga existindo unha Caixa forte como CAIXANOVA na metade sur de Galicia, e que siga existindo unha Caixa moito máis forte que é CAIXA GALICIA, en Galicia tamén, con alianzas estratéxicas para que mellore a súa situación económica. Porque claro, todos falamos, e creo que a frase se dixó antes varias veces: “o importante é a solvencia”, pero claro, ¿a solvencia dos Bancos é o importante?, non; o importante é a solvencia dos cidadás, e o financiamento dos cidadás e das empresas, e dos Concellos; antes falabamos do Colexio Hogar, obviamente a obra social dunha Caixa así pois quizás a Baiona, que é o que nos interesa neste momento, pois igual nos toca menos tarta, así de claro. Creo que con Baiona CAIXANOVA ten unha relación dende fai moitos anos moi importante. O Banco de España o que fai é mandar directrices de reordenación, e creo que os políticos deberíamos participar pouco á hora de influenciar neso, creo que debería ser unha decisión das Caixas; por certo, a mín non se me pasan pola cabeza os intereses personais do Sr.Gayoso nin de ninguén, é dicir, se CAIXANOVA, ou o seu Consello de Administración, pois decide non fusionarse, e CAIXAGALICIA fai unha alianza estratéxica con CAIXA MADRID, pois penso que é ó que teremos que atenernos no mercado financeiro galego e español, e non me parece adecuado que os políticos influíamos nese tema, creo que é negativo para os intereses que nós temos que defender que son os de maiores posibilidais e maiores oportunidades para tódalas persoas ás que representamos. Por suposto que apoiamos a Moción, ademáis é que estamos dacordo totalmente con tódolo que dí, pero tamén é compatible co que acabo de dicir eu; quizás sexa moi inoportuna esta situación; o que pasa é que estamos trasladando a Galicia situacións económicas doutras Caixas do Estado, é dicir, non ten nada que ver a situación das Caixas de Aforro de Galicia con respecto ás Caixas catalanas, ou de Andalucía, ou de Murcia, ou de Castilla La Mancha, é que non ten nada que ver; afortunadamente os galegos somos doutro xeito e os activos, e neste caso os pasivos das Caixas, son moito máis sólidos cos pasivos da Caixa de Murcia, por exemplo. E moi difícil comparar estas situacións de CAIXANOVA e CAIXA GALICIA co que está agora falando o Banco de España do que ten que facerse. Apoiamos a moción, moitas grazas.

SR.VILAR, CMÑ.- Reforzando o que decía o portavoz do PSOE, Rafa Estévez, evidentemente o gran problema da Banca nestes momentos é a falta de liquidez, ese é o gran problema e por iso hai agora este intento de fusións porque se atopan as caixas cun auténtico problema de liquidez; non de activos, de liquidez. Poñamos un exemplo práctica, a CAIXA, da que temos aquí oficina, fixo un plan agresivo para captar cartos, que consiste entre outras cousas en fondos a 3 anos e dar intereses dun 2% o primeiro ano, un 3% o segundo ano, e un 4% o terceiro ano, claramente cunha visión clara, todo o mundo o sabe, polo menos os economistas, de que os intereses van a subir a partir deste próximo ano, cousa que non sabemos se vai a afectar á política económica do Estado ou non, porque significa que o euribor vai a repuntar.



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

CAIXANOVA te dí: "eu tamén te dou un interés dun 2% este primer ano pero te deixo aberto de cara ó próximo ano", isto non o faría ningunha entidade bancaria senón estivera máis ligada ós intereses da nosa zona, non intentaría captar os cartos dunha maneira agresiva como o fai a CAIXA aquí en Galicia; ¿porqué?, porque busca claramente a liquidez que non ten ao mellor noutras zonas e que sabe que aquí en Galicia pode atopar porque ó fin e ó cabo os galegos tamén son aforradores, cousa que é unha virtude importante; por iso non pode ser comparable a situación das Caixas galegas coas do Mediterráneo, é algo totalmente distinto.

Penso que nós estamos obrigados a facer causa común con CAIXANOVA porque é a Caixa da nosa zona; recordo que aquí existía como entidade bancaria de proximidade CAIXAVIGO, que era a única que tiña oficinas en Sabaris e en Baiona, o que significa que era unha caixa que naceu dende aquí. Sobre o exemplo do Colexio Hogar, onde vostede, Sr. Fernández, se formou, dalgún xeito era unha obra social da Caixa de Aforros Municipal de Vigo, e non digamos en operacións que se fixeron dende o Concello de Baiona na miña época de Alcalde, por exemplo o Auditorio Municipal, as grandes facilidades que nos deu CAIXANOVA; ou para adquirir a Casa Carvajal; e claro, todas estas obras e toda esta traxectoria hai que mirála e hai que comparála; e por iso creo que a nivel de Galicia CAIXA GALICIA apostou por outras historias.

Cando se fala aquí das fusións hai que entender que non é o mesmo a fusión de CAIXA PONTEVEDRA, CAIXA OURENSE, e CAIXA VIGO, que a que agora se pretende, porque cando se fixeron as fusións das Caixas do sur de Galicia sabíamos que en Galicia ía haber dúas Caixas: CAIXA GALICIA e CAIXANOVA; entón o dereito á competencia se mantiña; agora, no momento en que exista unha soa Caixa o tema xa é que hai que competir con outras entidades bancarias, e os fins sociais da nosa zona, do sur de Galicia, se van a mirar resentidos; e a proba está en que está seguridade na fusión non a ten nadie, o propio Presidente da Xunta esixe agora unha auditoría externa a ver como está a situación. Por iso repito que estamos ante unha situación complexa, e máis complexa aínda pola crisis bancaria; estamos nun momento no que non sabemos si é o máis oportuno, ou no; que isto condiciona moitísimo o tema da fusión; e claro, dalgún xeito, o que sí temos que ter en conta é que estamos nunca economía globalizada onde o exemplo anterior do atunero Alakrana, onde é un capital vasco, galego, quen o financia, ou sexa, ó final os beneficios veñen de cando hai competencia á hora de dar créditos, á hora de atender ó cidadán en proximidade, e eu creo que nese aspecto as Caixas son fundamentais para a nosa economía, para a economía dos veciños, para a economía dos Concellos, e nos guste ou non, o ámbito económico do noso Concello é o ámbito de CAIXANOVA, e lóxicamente se o Consello de Administración de CAIXANOVA se opón á fusión, eu quero pensar que ten datos concretos para dicir que esa fusión vai perxudicar ó sur de Galicia; tamén confío no Presidente da Xunta, que por outro lado ten que ter unha visión moito máis global do que significan os intereses de Galicia. Pero nós, en canto ós intereses económicos, temos que defender o sur, temos que defender a CAIXANOVA, e facer causa común con CAIXANOVA.

Estou dacordo en apoiar esta moción, completamente dacordo; e comparto plenamente o que o portavoz do PSOE dixo; por disciplina hai que votar esta moción, creemos que o faremos por unanimidade; pero que quede clara a nosa postura; e repito: isto dá para moito, e seguramente nin os propios economistas se poñen dacordo; pero en principio, como posicionamento de saída, estou máis próximo á postura de CAIXANOVA que non á postura de CAIXA GALICIA; que quede claro. Moitas grazas.

SR.ALCALDE.- Levo uns minutos pensando que temos un Pleno onde vamos a enriquecernos economicamente, dende o punto de vista teórico, pero despois realmente ¿sabemos a onde vamos?, porque se fai ano e medio nos dixeran que a economía máis liberal do mundo, Obama, EEUU, ía ter que intervir ós Bancos, onde a propiedade privada é máxima, etc., os economistas non tiñan nin idea; ¿qué vai a pasar?, eu estou convencido de que non o sabe nadie. Se decía antes que había 3 especialistas na materia en toda Galicia, eu creo que ningún. Nós estamos aplicando moito o sentido común, pero o que vai a pasar non o sabe



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

nadie; non me fio de nadie nin de nada porque poden pasar varias cousas, porque como dixen antes si Estados Unidos ten que intervir e aínda así non consegue que o Banco máis grande do mundo se fusione, o máis grande, ¿qué vamos a facer nós aquí?. Segundo, CAIXANOVA agora está en contra, igual que estaban en contra no seu día CAIXA OURENSE e CAIXA PONTEVEDRA, a favor estaba a Caixa de Aforros Municipal de Vigo, e neste momento os razoamentos que se aplicaron naquel momento agora están doutro lado; e pode darse incluso unha circunstancia: que se fusionen as dúas Caixas e que posteriormente unha CAJA MADRID, ou unha Caixa da Comunidade valenciana, absorva; podería darse o caso; por iso decimos que apoiamos unha cousa e tamén apoiamos á outra, é realmente podemos dicir o que queiramos pero non o sabe nadie, absolutamente nadie; polo tanto: sentido común; e sobre a obra social, hai que ter en conta que é un tema fiscal; a obra social se fai nas Caixas para pagar menos a Facenda, tódalas grandes Fundacións sabemos realmente para que sirven, e a obra social tamén; ó final é o mesmo, é a verdade. E si falamos da influencia da obra social de CAIXANOVA, realmente é moito máis grande en Vigo que en Baiona; e non digo nada doutros Concellos; é moi desigual. Para finalizar, creo que todos vamos a votar que sí; entendo que si os 3 grupos de Galicia se poñen dacordo terán máis información que nós, evidentemente algunha máis que nós, e xa veremos que pasa, como dí o outro “que Deus nos colla confesados”.

SR.FERNANDEZ, BNG.- O final estamos os 3 grupos da Galiza dacordo, soamente nos quedaba convencer á CMÑ e xa a temos convencida. Puxen o exemplo antes de cal era a situación dun veciño de Baiona, que podía ser o portavoz do BNG, e o portavoz de CMÑ puxo outro exemplo, agora que cada ún saque as conclusións; ún pedía cartos para pagar a hipoteca, e o outro pedía cartos para poder invertir; polo tanto, que cada ún chegue ás conclusións que queira.

Xa centrándonos no tema, a cuestión (como dixen ó principio) é que estamos nun caso patente de globalización, e estamos nun caso imposto polo Banco de España, iso é indudable; aquí se está movendo peza porque o Banco de España está movendo peza. Eu, ó contrario do que dixo Rafa antes, creo que a decisión ten que ser política, porque nunha decisión tan importante como é ésta os políticos teremos algo que dicir, principalmente porque no ámbito local trastoca totalmente o orzamento municipal; ou sexa, aquí as decisións ten que ser políticas. Tamén discrepo co tema de que una Caixa galega se reforce cunha Caixa de fora de Galiza por un simple motivo: máis que nada polo que decía antes o Alcalde, aquí podemos falar máis que nada de sentido común, (excepto ti, Rafael, que polo teu traballo podes ter máis coñecemento de causa), pero a mín o sentido común me dín que as fusiós ou absorcións, ou chámense como se chamen, hai que vélas con lupa, porque a absorción que sí vivín eu persoalmente de preto, polo meu traballo, foi a de Unión Eléctrica a FENOSA, e resulta que cando nos demos conta resulta que a UNION ELECTRICA que absorveu a FENOSA, fomos os traballadores de FENOSA a Madrid a ver que había en Unión FENOSA para poder absorvernos, e resulta que nós aquí encendíamos os land rover metendo unha chave no contacto e arrancando á primeira e en Madrid estaban cunha manivela para encender os coches, e a empresa de Madrid, que estaba arruinada, absorveu a FENOSA, esa foi a realidade; dende aquel momento chamouse UNION FENOSA pero o diñeiro que se recaudaba en Coruña, como empresa, ía para as arcas galegas, pasaron a ir para a Comunidade Autónoma de Madrid. O diñeiro que se producía nas centrales aquí pasaron para alá, e dende aquela, pasemos polos Presidentes, pola ACS, por Florentino, polos que sexan, o único que fixeron foi vir a amansar a vaca e levarse o leite, esa foi a realidade. Agora FENOSA pertence a GAS NATURAL, en Cataluña, que é máis do mesmo ou peor; as decisións agora se van a tomar en Cataluña, e o primeiro que fixeron foi cortalle a cabeza a tódolos directivos; cousa que tampouco me importa. Polo tanto, aquí o que importa é que se corte a bacalao, esa é a realidade, que aquí nos comamos a carne, en Coruña, ou en Santiago, me dá igual, pero que se corte o bacalao aquí e nos comamos a carne, non que roamos soamente o oso, iso é o importante. Volvo a dicir ó mesmo, cos datos que se manexan, que a sensación que podemos ter é que aquí cada ún fala da feira según lle va néla; e claro,



EXCMO. CONCELLO

DE

B A I O N A

(PONTEVEDRA)

cando lle abanican o sillón a un directivo de CAIXANOVA dice “non, isto non interesa”, e creo que tamén o dixo o Alcalde.

Pola nosa parte estamos facendo o que temos que facer; e a mín o que me fai gracia é que cada vez que estamos todos dacordo botamos co punto moito máis tempo que cando estamos en contra. Que sexa así, e que sexa para ben de todos, iso é o importante. Pido o voto favorable para esta moción; moitas grazas.

Polo Sr.Alcalde procedese á votación da Moción presentada polo BNG, resultando aprobada por unanimidade.

Polo cal o Pleno, por unanimidade, aproba-los seguintes ACORDOS:

- a. **Instar á Xunta de Galiza a asegurar, en uso das súas competencias, que o centro de decisión das caixas de aforro galegas se manteña, en todo caso, en Galiza.**
- b. **Instar ao Parlamento de Galiza a que aprrobe unha lei reguladora das caixas de aforro galegas que asegure o seu carácter público, a democratización dos seus órganos de goberno, o seu compromiso efectivo coa economía produtiva e a criazón de emprego en Galiza, así como a orientación da súa obra social cara a satisfacción das necesidades sociais e culturais reais do noso país.**
- c. **Trasladar este acordo aos grupos parlamentares de Galiza.**

7.- APROBACION, SE PROCEDE, DA MOCION DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG RELATIVA A CONVOCATORIA DA COMISION DE SEGUIMIENTO DAS OBRAS DA AUTOPISTA.

O **SR.FERNANDEZ, BNG**, procede á lectura da seguinte **MOCION**:

MOCION DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG O PLENO DO CONCELLO DE BAIONA

Nos ultimos anos o Pleno do Concello manifestouse por unanimidade por activa e por pasiva a pronta posta en funcionamento dos novos enlaces da autoestrada, e foi así aínda sabedores das novas expropiacions que tendrían que levarse a cabo para a propia execucion das obras e as consecuencias que acarrexan.

Tal como sucedeu no inicio da autoestrada, as obras de execución das mesmas provocaron novamente atopellos e desperfectos tanto nos viais de servizo, como nas canles de auga existente, como nas mesmas propiedades dos veciños, e da mesma forma nesta ocasión os veciños organizaronse para defender os seus dereitos.

A pesares de que os afectados actuasen de boa fe con a concesionaria SACYR chegando a acordos e colaborando con eles en varias ocasións e un feito que ´ ´éstos incumpliron todo o acordado e que tan so se interesan de resolver parte da obra.

A vista está a desfeita provocada por eles, tanto nos camiños, como nos regos da auga, como mesmo nas propiedades que non foron expropiadas.

Ante estes acontecementos o BNG propon o Pleno o seguinte **ACORDO**:



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

Convocar de maneira inmediata unha comision de seguimento das obras na autoestrada composta polos grupos municipais, comision de afectados e representante da Conselleria responsable (COTOP).

CONTINUA.- Esta moción a presentamos debido a que, como decía na exposición de motivos, a pesares de que fai tempo eu como representante dos veciños, da asociación de afectados, mativen xuntanzas cos membros da empresa SACYR, responsable da execución das obras, se chegou a uns acordos, a uns compromisos, de que as vías de servizo que ían a ser do xeito que estaba previsto que foran, que eran para dar accesibilidade ás parcelas que quedaban adyacentes e na propia intercomunicación da Parroquias; de que os regos de auga de pluviais e de regadío que ían a ser respetados, de que os accesos ás fincas ían a ser completos en todas elas; de que se ían respetar unha serie de condicións para a propia execución das obras; a pesar de todo os veciños cumpriron en todo momento co acordado pero a empresa SACYR non o fixo. O único que fixo a día de hoxe foi executar a parte superior das obras e o resto de arredor deixálo como está agora mesmo, nunhas condicións nas que non se pode transitar nin polos camiños nin as augas van por onde teñen que ir; ademáis de interrupción de camiños veciñais posto que agora mesmo non están comunicadas a parroquia de Medialdea coa parroquia de Bouzós, agora mesmo non o están. Polo tanto requerimos naquel momento a opinión e a negociación coa Inxeniera Directora da obra, nos dixo que sí se ían facer certas reivindicacións das que estamos falando; outras que non; se marchou de vacacións, non supemos máis dela a día de hoxe, a pesares de intentar colaborar con ela para facilitarlle o traballo das propias obras, e a día de hoxe non temos contestación ningunha; de tal xeito que creemos que é importantísimo que se convoque aquí unha Comisión de seguimento, das que houbo sempre, onde deberá haber tamén un reponsable da Consellería con capacidade de decisión e de pór á empresa no seu sitio para esixirle as competencias que estime oportunas.

Creemos que é moi importante que esta moción se aprobe porque en breve as obras se van a rematar e a día de hoxe hai veciños que levan 4 meses, dende que empezou a chover, impossibilitados para acceder ás súas parcelas para traballálas na actividade da agricultura como levan feito tódolos anos; incluso houbo derrubes de muros de contención que, según parece, a concesionaria xa púsoxe en contacto coa veciña en cuestión, que lle prometeu e segue prometendo que sí se vai a facer, pero mentres tanto as obras están sen facer, e xa estamos no carto mes consecutivo en que se dá esta situación; polo tanto o Concello debe tomar xa medidas no asunto, convocar a Comisión de seguimento, e empezar xa a esixir responsabilidais a quen as teña.

SR.ALCALDE.- Sr.Fernández, contestolle eu directamente porque nós sí tivemos reunións coa empresa, coa Consellería, e tamén cos veciños, non coñecíamos da asociación de afectados que era vostede Presidente, nos enteramos pola prensa, pero non se preocupe; non leva 4 meses chovendo, leva 2, setembro e outubro foron meses moi secos, e hai un compromiso certo; evidentemente neste momento de choivas non pode estar igual que cando esté rematada a obra, pero eles sí teñen o compromiso de ir cumprindo en canto poidan, e ademáis se vai a rematar esa conexión antes de fin de ano; eles tamén van a seguir traballando noutros dous enlaces, en febreiro acabarán Gondomar, e máis tarde Nigrán. Tamén hai compromiso firme por parte deles, da propia Consellería, saben perfectamente como está o tema, e vamos a seguir tendo esas reunións, polo que entendemos que non fai falta crear unha Comisión especial posto que xa está efectuada.

SR.LORES, PSOE.- Por parte do PSOE entendemos que todas estas obras son de moita importancia para Baiona; entendemos que a presenza dos grupos municipais e dos veciños nestas infraestructuras, no control, non só por parte dos afectados, senón control tamén para defender o interés xeral, creo que é oportuno, igual que foi oportuna aquela Comisión que se fixo para facer o seguimento das obras de Sabarís, que o único que fixo foi enriquecer con moito todos aqueles problemas que alí existían.



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

Como tódolos grupos somos conscientes deque esta infraestrutura das obras da autoestrada é algo moi importante para Baiona, e polo tanto nós estamos a favor de que esta Comisión se cree e que poidamos participar tódolos grupos no que alí se está facendo e mantér os intereses dos veciños que alí estén, pero tamén mantér o interés xeral posto que esa é a función que temos neste Concello. Nós estamos a favor da creación desa Comisión.

SR.VILAR, CMÑ.- A verdade é que esa Comisión posiblemente sexa para unha obra que realmente xa está moi definida; penso que é máis que nada un tema de acción de goberno exixirle á empresa que cumpra con todos seus compromisos e se axuste ó proxecto; por sentido común non poden deixar ningunha desfeita; terán que deixálo en condicións. E moi distinta a situación das riadas de Sabarís, cando realmente non se sabía cal era a solución, había unha solución de urxencia inmediata; aquí non hai unha solución de urxencia inmediata, aquí o que hai que tratar é que as obras rematen o antes posible e que a deixen ben. Nós, evidentemente, tivemos xa as nosas reunións cos representantes de SACYR e cos da propia autopista e están dispostos a deixar todo en perfectas condicións; aparte de que aquí houbo portavoces, como quen firma agora esta Moción, que xa antes salíu nos medios de comunicación a vender a moto, cando realmente o tema é un tema de acción de goberno. Non sei Xose Enrique, se aínda segues sendo Presidente dos afectados, ¿cántos anos levas de Presidente?.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Me imaxino que tantos como vostede na política.

SR.VILAR, CMÑ.- Se nós non tomáramos a decisión no seu día de facer a autopista seguramente vostede nonhoubera sido presidente dos afectados, polo tanto vostede me ten que agradecer a mín moitas cousas, entre outras ser presidente de afectados pola autopista. Penso que é normal dar información a tódolos grupos, pero realmente unha Comisión para isto pode crear unha alarma social innecesaria. Entendemos que o que teñen que facer é deixar todo arrancado e en boas condicións.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Para sua información houbo renovación da directiva e presidente da asociación de afectados; neste caso recaíu en mín e saíu na prensa con tódolos vocais e seus membros.

Respecto a este punto, hai uns compromisos adquiridos con SACYR e creo que non fan nin caso; en canto a arreglar, posiblemente cumpran a súa palabra e arreglen a desfeita que se fixo, pero de momento non, porque os regadíos cortáronse coa execución das obras. Polo tanto vamos a ver se aprendemos un pouquiño da experiencia que temos neste tema. A pregunta é ¿cando van a executálas obras?, porque mentres tanto os veciños queren ir a labrar, a sachar as suas fincas, e teñen que ir con botas encima do tractor porque non poden pasar doutro xeito; están as canalizacións atascadas e pasa a auga por encima do asfalto; e o camiño de Gavín, Sr.Vilar, que levou vostede nos seus programas decindo que o ía a asfaltar, está interrompido, non se pode pasar agora mesmo por él; o deixan para ó final porque non interesa e a xente non pode pasar por alí; sí, estou seguro de que o van a facer, pero cando a eles lles interese, non cando lles interesa ós veciños.

Dixo vostede Sr.Alcalde que faláron cos veciños, iso non é certo; faláron con un veciño; e ese veciño me dixo a mín que o único que dixo vostede era que había compromisos adquiridos con SACYR e que se ían a cumprir; nada máis. Pero mire, é que ese veciño coñece os seus problemas, pero non coñece os problemas do colectivo total. Cada veciño coñece o seu problema particular, pero é que eu falei con todos eles; si vostede quere coñecer os problemas realmente ten que chamar á asociación de afectados e xa está. Os problemas hai que resolvélos; iso é o fundamental.

Sr.Vilar, a desfeita é un feito que está ahí; muros derribados, cañerías atascadas, terra e barro encima do asfalto, pedras, camiños interrompidos, e vinte mil cousas máis. A cuestión é ¿porqué o equipo de goberno se nega a facer unha Comisión de seguimento da autoestrada, e antes, cando non gobernaba na Xunta aceptaba todas as que se propuxeran?,



EXCMO. CONCELLO

DE

B A I O N A

(PONTEVEDRA)

porque agora mesmo comen do mesmo plato; esa é a cuestión; a cuestión é estrangular calquer vía de protesta que poida aparecer no entorno, para que non haxa ningún tipo de fiscalización nin de intervención en contra da Xunta de Galicia.

A experiencia nos dá que tódalas Comisións que se fixeron foron fructíferas, e vostede Sr.Vilar sabe que as Comisións de Seguimento da autoestrada funcionaron, e funcionaron ben, e se resolveron moitísimos problemas, como se poden resolver agora; se vostedes queren seguir para adiante e creer na palabra de SACYR sen que haxa diante nadie responsable da Xunta de Galiza que llo confirme e diga "esta semana que ven van a resolverse estes problemas; esta semana que ven, non dentro dun mes", porque SACYR ten persoal para poder resolvélo inmediatamente, pero claro, a eles non lle interesa iso; o farán a correr e chegará un momento que pasará o que pasou o outro día cun veciño que lle dixo "non tocar este muro de hormigón que isto está no Xulgado e van a ter que pagarme isto", e o día seguinte foi e non había muro de hormigón porque o encargado se encargou de arrancálo; e o día anterior tiñamos a palabra dese encargado e do seu xefe que era o inxeniero, que estaba diante; e entón agora teremos que chamar á advogada da asociación para que meta en pleito ó inxeniero, ó encargado, e a quen teña que meter, cando iso se podería evitar se houbera Comisión de Seguimento. ¿Qué ata agora non se pediron porque non facía falta?, é certo; se estaban facendo as cousas ben; pero agora non; terán prisa, ou será que ata agora non houbo choiva, entón non apareceron os problemas que están aparecendo; sexa polo que sexa, pero eu creo que o Alcalde deba meditar o tema; non pasa nada por ter unha Comisión de Seguimento cun responsable da Xunta, non pasa nada; non se vai levar a oposición a bandeira porque se resoltan os problemas por este motivo. A cuestión é que senón se fan as Comisións de Seguimento van a aparecer problemas e o final van a acabar nos Xulgados, e iso aparte de incomodidades significa gastos para os veciños. Nada máis.

(Neste intre, sendo as 14,45 horas, sae da sala o Sr.Rafael Estévez, PSOE).

SR.LORES, PSOE.- Sorpréndenos tamén que o PP nalgúns momentos estivese totalmente a favor das Comisións de Seguimento, que nós entendemos que son útiles, e que a participación dos grupos e dos veciños non significa nin protesta nin impedimento, simplemente clarificar e ter máis fluidez de información; como se veu nas Comisións de Sabaris, as informacións directas dos veciños eran máis acertadas que as opinións dos propios técnicos; entendemos que se pode facer unha Comisión con total tranquilidade, o cal non significa en ningún momento nin protesta nin botar enriba de nadie ós veciños, senón todo o contrario, defender os intereses particulares dos veciños pero sobre mantér e defender o interés xeral; polo tanto non entendemos como o PP neste momento non acepta este tipo de Comisións.

Sometida polo Sr.Alcalde a votación a Moción resulta: votos a favor, 6 (4,PSOE, 2,BNG), votos en contra, 9 (8,PP, 1,CMÑ), polo cal, POR MAIORIA, rexeitase a Moción presentada polo BNG.

8.- APROBACION, SE PROCEDE, DA MOCION DO BNG RELATIVA Á COMISIÓN DE SEGUIMENTO DAS OBRAS EN SABARIS.

O Sr.Fernández, BNG, procede á lectura da seguinte:

MOCION DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG O PLENO DO CONCELLO DE BAIONA



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

Na primeira embestida mais ou menos seria das augas do río groba polo seu cauce, poidemos ver como éste respondeu.

As caídas de muros de contención, o lavado das bases nas cimentacións, os desprendimentos de pedras nos muros das pontes, non e fruto da casualidade, todos e cada un destes feitos, atenden a mesma causa, sen dúbida están mal executados, tal como no día da súa construción advertía o portavoz do BNG.

Esta situación xunto con outras pendentes de executar, manteñen os veciños/as de Sabaris en alerta cada vez que chove, e polo tanto unha situación da que tanto o goberno local como a Corporación deberan de vuscar unha solución definitiva que consiguira restablecer a normalidade entre a veciñanza e así mellorar a súa calidade de vida.

Pola experiencia que temos, sabemos que as Comisións de Seguimento funcionan, e polo tanto unha ferramenta válida que debemos de recuperar, polo que o BNG ten a ben presentar ó Pleno do Concello de Baiona para o seu debate e aprobación se procede do seguinte ACORDO:

-Que se convoque de maneira inmediata a Comisión de Seguimento para o control das obras en Sabaris realizadas con motivo das últimas inundacións.

-Que os membros de esta Comisión sexan os mesmos que nas convocadas anteriormente.

CONTINUA.- Todos podemos comprobar, como dixen na exposición, que nos últimos días a forte tromba de auga que ten caído, e as embestidas de auga que veñen río abaixo, coa nova aceleración que están tendo agora mesmo tamén as augas, están provocando diversos desperfectos nos muros; creemos que non é de recibo que cada vez que cae unha tromba de auga (aínda que así vai suceder durante moito tempo pola psicosis que existe) os veciños vivan nunha situación de ansiedade, e para tranquilidade deles debemos estar moi pendentes deste tema e resolver os problemas que van acaecendo día a día. Como decía no anterior punto, as Comisións de Seguimento funcionan porque a xente que vive no sitio e que controla estas situacións as veces poden darlle información ós técnicos ou ós políticos que están nese momento no goberno e poder así, en moitos casos, preveer situacións que ninguén desexa que volvan a ocorrer. Polo tanto creemos moi importante que se convoquen estas Comisións e poder debatir e definir cales van a ser as liñas a seguir.

SR.ALCALDE.- Decirle que levamos xa tempo reuníndonos cos técnicos da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, incluso co mesmo Conselleiro; se están elevando informes, e se actuou de forma inmediata reparando os muros; é certo que os proxectos elaborados polo bipartito non foron adecuados, polo que estamos vendo agora, e queremos resolver non so iso senón tamén a parte final que quedaron executados de forma tan desgraciada, na parte da desembocadura, cando polo capricho dunha Conselleira e dunha delegada pois deixaron sen rematar esa finalización. Repito que temos tódalas semanas reunións cos técnicos da Consellería, coas empresas implicadas, e lóxicamente entendemos que non se dá para nada esa situación que pasou naquel momento cando debido ós incendios forestais, por unha mala planificación da Xunta de Galicia, ó incendio da Groba, que levou a que a cantidade de auga fora a que foi; que como decía, sumado a que non houbo máis incendios na mesma zona, está claro que a emerxencia non existe nestes momentos. O que sí vamos a tratar é de buscar solucións a pequenos defectos na parte construída, e rematar a parte que falta, parte importante que quedou sen facer porque a COPTOPV naquel momento non quixo rematar as obras.

SR.LORES, PSOE.- Segue sendo sorprendente, Sr.Alcalde; que unha Comisión que vostede e nós por suposto apoiamos, que reivindicaba como imprescindible, e que cada 2 x 3 sacaba a



EXCMO. CONCELLO

DE

B A I O N A

(PONTEVEDRA)

megafonia do Concello para convocar a tódolos veciños, e que nós estabamos a favor, por suposto, que nestes momentos no que hai outro Goberno, que o interés dos veciños non ten porque ser distinto, que o interés segue sendo mellorar os servizos que prestamos ós nosos veciños, que o goberno municipal que é o mesmo que había naquel tempo, que xustamente paralice este tipo de intervencións. Nós non temos interés en botar ós veciños en contra de nadie, pero vostedes parece que sí; antes era interesante botar ós veciños en contra dun Goberno e agora para vostedes iso parece ser que xa non ten interés. Pola nosa banda, estamos totalmente a favor de que se convoque esta Comisión. Tamén dicir que hai unha realidade en Sabarís, é certo que non hai cheas, non hai inundacións, pode haber algún defecto de construción, pode haber algunha pedra caída, non temos ningún problema a que todo se analice por parte dos veciños e incluso dos técnicos, sabemos que hai xente que coñece moi ben a realidade case centímetro a centímetro, posiblemente incluso algunha das opinións que se deron naquel momento foron correctas e incluso posiblemente os técnicos naquel momento non asumiron esa realidade, pero iso tamén sería bó vélo agora; o que sí é un feito, e penso que iso nos debe tranquilizar a todos, especialmente aos veciños de Sabarís, é que inundacións de perigo non hai, pode haber algún problema de construción, ou algún tema concreto que non quedou en condicións, pero nós estamos dacordo en que se convoque unha xuntanza desta Comisión, se evalúen cales foron as cousas que quedaron ben, cales quedaron mal, e que se trate de mellorar; sen ningún interés en botar ós veciños en contra de ninguén, todo o contrario. Eu non entendo como o goberno local, neste caso (e eu non teño ningunha dúbida de que estén traballando no tema), non poda estar a favor dunha Comisión de Seguimento onde se poida explicar cá é a situación actual; non me parece de recibo que agora non acepten estas xuntanzas, Sr.Alcalde.

(Neste intre, sendo as 15,00 horas, se incorpora á sesión o Sr.Rafael Estévez, PSOE).

SR.VILAR, CMÑ.- As Comisións funcionaron nun momento determinado; agora o que pasou foi un dano puntual como foi o derribo dunha serie de muros, ós que a Xunta de Galicia xa deu resposta inmediata reparándollos. Non debemos de olvidar, e todos coñecemos o río Groba, que a principal causa, e eu sí que estaría disposto a crear unha Comisión de Seguimento, é se houbera incendios no verán, que a principal causa das inundacións de Sabarís foron os incendios da Groba e a falta de capacidade do monte para a retención das augas nas primeiras choivas torrenciais; esa foi a causa principal; arrastraron a madeira queimada, fixeron peso e reventaron as presas e se produciron crecidas na avenida; a causa foron os incendios forestais. E se hai algunha obra que queda pendente foi a que a Delegada da COPTOV anterior se negou a facer, que é saída da auga do camiño das Monxas collendo unha parte da entrada ó camping Ladeira; esa é a obra que sí que hai que realizar, e pola parte nosa estamos presionando á AUGAS DE GALICIA para que se faga esa obra. Eu apoio o que decida o goberno municipal.

SR.FERNANDEZ, BNG.- E que remedio lle queda, Sr.Vilar, que apoiar o que diga o Alcalde. Sr.Alcalde, me parece mal que vostede utilice unha política torticeira e partidista nestas cuestións; cada vez que chove os veciños están nas ventanas vendo para fora pendentes da cantidade de choiva que cae, e agora ¿sabe de que teñen tamén que estar pendentes?: dos muros que se fixeron mal, e que cando se estaban facendo eu llo advertín, e vostede me chamou pouco menos que "iluminado", e me dixo se ía saber eu máis que os técnicos que estaban facendo a obra; e nesa Sala díxonlle tamén ao Director Xeral de Augas, e pasou olímpicamente de min; os muros que alomenos hai entre a ponte do mercado de Sabarís e a ponte da Ladeira se van a caer todos, porque están mal feitos, e dígolle unha cousa: teño probas gráficas délo; e se caerán; ¿sabe porqué?, porque en vez dun muro de contención fixeron un castillo de naipes. Os muros de contención de pedra teñen que levar tizóns para dentro e teñen que ter na sua base, dependendo da sua altura, un ancho considerable; e resulta que istos están



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

colocados pedra encima doutra, e non cheiraron o hormigón; vaia vostede a ver a reforma que están facendo agora e vexa como a están executando: como o estou decindo eu; pero están parcheando, parcheando uns cachiños; se están executando, pero de parcheo.

E non me diga que están controlando a obra, porque se os que controlan son a concelleira de urbanismo, un veciño de Morade, e un señor que non sei quen é, ben apañados estamos. Si eses son os técnicos que temos a controlar as obras, ben apañados estamos. A vostede non lle interesa nada que sexa fiscalizar á Xunta, nin ó PP; sempre vai a votar en contra; vostede acaba de decir aquí que se xunta cos técnicos da Xunta, cos técnicos das empresas, pero en cambio non lle interesa que se xunten cos veciños; que participen os veciños e os grupos da oposición a vostede non lle interesa; debe ter vostede medo a que lle saquen taxada política; non atopo outra explicación. Polo tanto, veciños agora non, antes sí; cando estaba o bipartito, antes sí. Eu dixenlle cando estaba o bipartito que as obras estaban mal executadas, saquei fotografías no momento, antes de que lle botaran por atrás a terra, e díxolle: o muro cairá, e o muro caíu; por sentido común, nada máis; caíu a trozos, e caerá máis seguramente, e non teñamos a desgraza de que atasque e volva a inundar ós veciños porque entón xa falaremos doutras cousas; entón sí que a situación será moito peor, e haber que disculpa vai ter vostede.

Eu lle digo que non sei que ten que perder aquí vostede; convoque ós veciños, convoque ás Comisións como se facía antes, e cada ún que expoña o que teña que expón. E os que fixeron mal as obras que asuman responsabilidais, e que as veñan a facer ben que para iso hai fondos de garantía para a execución das obras, e si teñen que pór diñeiro do seu bolsillo que o poñan; así como aforraron hormigón, tamén aforraron a metade da pedra que tiñan que colocar, é decir: un montón de millóns de pesetas; estamos falando de moitos metros de muro; e no percorrido, no medio, hai algunha vivenda, que pode correr perigo como se caiga o muro abaixo.

Lle pido que reconsidere a súa postura e permita que o Sr.Vilar vote a favor que está desecando facélo; independentemente que esté equivocado nas causas das inundacións. Sr.Vilar, o lume, efectivamente, si provoca unha situación de falta de absorción da auga pola terra, pero ¿sabe unha cousa?, o máis importante de todo é que os ríos estén limpos, para que non atasquen; e eu, agora mesmo, lle invito a que recorra os ríos, augas arriba, e que vexa como están; e vaia vostede anos atrás, cando estabamos nós gobernando, e pregúntelle os veciños si estaban limpos ou non, pregúntelle; e despois falamos.

SR.ALCALDE.- O quere vostede facer é demagogia pura e dura, aparte de amenazas ó Alcalde. Quere tratar de colgarme na praza pública, pero non se preocupe. O que acaba de decir vostede é moi grave, é máis, eu, a copia desta acta a vou mandar á Consellería para que investigue sí, como acaba de decir vostede, houbo un desvío de fondos da obra de Sabarís polo anterior goberno bipartito; si se gastou moita menos pedra, etc. Esa grabación vai ir á Consellería para que investigue.

Acaba de decir vostede que agora sí están facendo as cousas ben; hai que felicitar ó Sr.Agustín Hernández, novo conselleiro, por estar facendo as cousas ben. Se contradice, tanto vostede como o Sr.Lores; están decindo que as obras aínda que teñan algún problemilla, se solucionaron os problemas gordos que había, ó das riadas, porque ademáis como dixo o Sr.Vilar, non houbo incendios, cousa que o primer ano no que a Consellería de Medio Rural era dirixida por un alto e destacado membro do BNG, pois foi unha desfeita, e agora a situación é diferente; nós temos información diaria do tema de Sabarís; vostede tamén falou de problemas dos muros dende o mercado de Sabarís ata abaixo, pero é que tamén houbo algún problema para arriba.

O problema de agora non ten nada que ver coa situación de Sabarís naquel momento; neste momento hai unha orientación, pode haber temas mal rematados, podemos estar dacordo, pero se trata de temas puntuais, non ten nada que ver con aquel momento; e estamos actuando sobre elo; vamos a dar información semanal de todo o que se vai ir facendo ou preveendo. En Baiona neste momento temos moitas obras, e todas se están seguindo, todas elas; e vamos dando información de todas elas.

SR.LORES, PSOE.- Parece que o único que se está debatindo é si agora hai un goberno do PP e antes había un goberno bipartito; o PSOE volve a pór o interés nos veciños, ¿qué pasa con eles?;



EXCMO. CONCELLO

DE

B A I O N A

(PONTEVEDRA)

antes se informaba os veciños: este grupo municipal aprobou aquela Comisión de Seguimento, participamos nela, dimos explicacións, e colaboramos co goberno; e tamén puxemos en valor o esforzo feito polo goberno municipal. Nas obras de Sabarís, tanto o goberno, como a Xunta, volcáronse todos en solucionar aquel problema, entendíamos que o fundamental era garantir a seguridade e a calidade de vida dos veciños; en ningún momento se entendeu aquela Comisión, cousa que agora parece que tense medo polo goberno municipal, como algo en contra nin da Xunta nin de ningún goberno, nin contra a Deputación; todo o contrario. Creemos que o fundamental é a información ós veciños, para súa tranquilidade; e naquel momento volcáronse totalas administracións; e hoxe podemos dicir que hai máis seguridade, que levamos anos sen ter problemas coas augas; eu non estou dacordo co que dí o Sr.Vilar de que o problema foron os incendios; sí foi unha das causas; pero fundamentalmente foi a tromba de auga que caeu o que fixo que naquel momento todo se desbordara por todas partes.

Tamén é certo que en Sabarís sempre houbo cheas e que a partir daquel desgraciado ano as intervencións foron contundentes e creo que organizadas, con tódolos problemas que agora pode haber; pero non entendo porque agora se ten tanto medio a reunirse cos veciños, a dar participación ós grupos municipais, para que se aclaren as cousas, dicir o que está mal e o que está ben.

Creo que esta Comisión tamén sería boa para que os veciños tiveran moitísima máis seguridade, para que poidan dormir polas noites aínda que choiva; e repito que penso que foi grazas a tódalas administracións, sexa un bipartito, ou un goberno da Xunta, sexa do cór que sexa. Aquí o que hai que pór por enriba de todo son os intereses, a seguridade, e o benestar dos veciños; creo que para iso estamos aquí.

SR.VILAR, CMÑ.- os veciños teñen moito sentido común, e non hai ningún colectivo que reclame unha Comisión nestes momentos; porque saben que o que houbo foron unhas averías puntuais duns derribos que hai que arrancar. Agora eles non están preocupados por si veñen unha crecida e lles poida inundar as casas; esa preocupación, ese temor que existía antes, agora non existe.

Eu recoñezco que a Xunta fixo unhas obras históricas en Sabarís; tampouco hai que esquecer á Deputación; foron obras moi importantes; e agora hai unhas averías puntuais; iso non é motivo suficiente para convocar agora unha Comisión de Seguimento; os veciños non o reclaman. Quizá quen o está reclamando é alguén que quer crear unha situación tremendista; creo que iso non vale a pena. Si houbera presión veciñal seguro que se convocaba esa Comisión; pero é que non a hai na práctica; non hai presión veciñal.

Tampouco creo que naquel momento AUGAS DE GALICIA fixera muros que non cumpriran as condicións, eu penso que temos que confiar nos técnicos. Tratemos de manter unha certa templanza; tratemos de reparar os danos que houbo, pero non crear alarmismo, que é o que parece que se pretende aquí.

Respecto ó meu voto é intrascendente, porque aínda que hoxe votara a favor non darían os votos, teríamos 8 contra 8.

O gran problema das inundacións de Sabarís foron os incendios daquel verán na serra da Groba; ese foi o gran problema; é algo que parece que vostede, Sr.Fernández, quer ignorar; así o fixo nunhas declaracións en Tele Vigo; eu lle digo que senón houbera incendios na Groba xa podería caer toda a auga do mundo que nunca se produciría esa inundación en Sabarís.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Sr.Vilar, eu xa sei dende fai moito tempo que vostedes cambian o voto si aquí hai xente, xa o sei. Si hai veciños, vostedes o huberan aprobado; a Comisión de Seguimento da autoestrada, e a de seguimento das cheas; seguramente cambiarían vostedes o voto. O dixó vostede: si hai presión veciñal; pero eu pensei que serían suficientemente maduros politicamente para darse conta de que estes son problemas alleos a vostedes, que poderían sair moi airosos e ser capaces de darlle a volta á tortilla; pero xa vexo que non; xa vexo que vostedes non son capaces; non teñen habilidade política.

E certo que a Deputación fixo unhas obras, pero é que non funcionan tampouco; non funcionan; nos meteron un tubo polo río de Sabarís polo que se pode andar de pé, e en cambio as tragantes



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

de auga que teñen non dan máis que para pasar unha cuarta de auga. Falo do tubo que puxo a Deputación dende Punxido. E si vostedes convocaran a Comisión que eu lle estou decindo poderían escoitar nesta sala cómo os veciños fai 15 días cando houbo aquela tromba de auga ás 9 da noite tiveron no camiño das Monxas máis dunha cuarta da auga que ven de Punxido, porque as tragantes de auga que puxeron non funcionan. E os veciños do camiño Chico estaban asustadísimos pola cantidade de auga que estaba entrando polo camiño para adentro. Iso se pode falar nunha Comisión de seguimento, e cos técnicos tamén, porque cando isto pasa os técnicos non están aquí para vélo.

Vostede sabe que as Comisións sempre funcionaron; é fundamental que os veciños aporten a súa sabiduría ó tema porque son os que están alí vivindo; os que están en Morade se enteran de que hai cheas cando empezan os teléfonos a sonar. Eu sempre dixen que a tubería que deixaron a medio colocar que non ía ser a solución; a solución é facer saída libre; e acórdese do que decían os técnicos: "é que si facemos a saída libre a auga do mar chega ata a carretera xeral"; pois será agora, antes non; antes non era así, e había unha cuneta, ¿se acorda vostede?, pois antes alí non chegaba a auga do mar; agora sí.

Aquí do que se trata é de taponar calquer grito que se faga á Xunta de Galicia, e si para iso hai que taponarlle a boca ós veciños se taponan, non creando a Comisión de Seguimento; iso sí: as de seguimento da rúa Elduayen sí que se convocan, con ACEBA, e cos comerciantes; e me parece ben que se faga, pero claro é que ACEBA está controlada, está baixo corda; senón estivera baixo a corda tampouco se convocaba. Aquí hai que ter atados tódolos cabos para que na Xunta de Galicia non haxa ningunha mancha; os intereses políticos e partidista por encima dos veciños; iso é o que están facendo vostedes; e vostede é complice co Alcalde; están antepoñendo os intereses de partido aos intereses dos veciños. Vostedes poden falar moito cos responsables e cos técnicos da Xunta, o que queiran, pero mentres non escoiten ós veciños éstes cada vez que choiva van a sair fora a ver si a auga lle ven ou do Punxido, porque non funcionan as tragantes, ou si lle ven do río porque caíu un muro e está facendo unha presa; oxalá non pase, oxalá me diga vostede dentro de 15 anos "dedícate a outra cousa, porque de isto nin idea", oxalá me teña que tragar as miñas palabras, pero aquí queda todo grabado; agora xa non se trata de que a xente crea que eu dixen nada, as fotos as teño e as fixen eu, e o encargado das obras pretendía botarme de alí; non o conseguíu, por suposto; e están feitas. Xa somos prisioneros das nosas problemas posto que están grabadas; eu non dixen que houbera desvío de fondos; dixen que se utilizou a metade da pedra que se precisaba para facélo decentemente, aparte de hormigón; se fixo mal; se executou mal; llo advertín a vostede, e ó responsable de AUGAS DE GALICIA nesta sala, e pasaron todos olímpicamente de mín; agora están as consecuencias, agora estamos parcheando, haber si vamos aguantando ó muro; pero como caía unha raída e atasque e inunde, pobres de todos nós.- Pido o voto favorable á Moción e espero que impere o sentido común.

SR.ALCALDE.- Decirille que foi unha pena que o que hoxe quedou rexistrado non o houbera denunciado naquel momento á Xunta de Galicia que gobernaba co seu partido político.

Sometida polo Sr.Alcalde a votación a Moción resulta: votos a favor, 7 (5,PSOE, 2,BNG), votos en contra, 9 (8,PP, 1,CMÑ), polo cal, POR MAIORIA, rexeitase a Moción presentada polo BNG.

10.- ROGOS E PREGUNTAS.

ROGOS DO BNG.

SR.FERNANDEZ.-



EXCMO. CONCELLO
DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)

1º ROGO.- Creo que foi a noite do lúns para o mártes cando houbo un accidente moi grave na Porta do Sol en Sabarís, un coche embestiu contra unha vivenda e deterioroula; o coche quedou atravesado co perigo para a xente que circulaba pola rúa; veciños e veciñas saíron no seu auxilio, chamaron á Policía Local e non había ninguén, saíu o contestador, porque vostede retirou o turno de noite; chamaron á Garda Civil de Baiona e dixeron que nuns instantes estaría alí unha patrulla; isto foi ás 12 da noite aproximadamente; pasadas a 1 da mañana retiraron o coche da rúa, auxiliaron á xente ferida, e están esperando a día de hoxe de que a Garda Civil acuda; vostede sae na prensa decindo que está a Garda Civil para substituír á Policía Local pola noite para atender esas emerxencias.
O rogo do BNG é: Sr.Alcalde, ROGAMOSLLE que tome as medidas oportunas para que a Policía volva a ter o servizo de noite nocturno para seguranza de tódolos veciños e veciñas de Baiona.

PREGUNTAS DO BNG (feitas no Pleno anterior) e RESPOSTAS.
SR.FERNANDEZ:

1º.- Sr.Alcalde ¿a cómo ascenden os gastos do equipo xurídico que defenderon ao Concello polo tema das horas extras da Policía Local?.

SR.ALCALDE.- Según me informa Intervención, 2.697 euros.

2º.- ¿A cómo ascenden as costas do Xulgado?.

SR.ALCALDE.- Pendentes de valoración.

3º.- ¿A cómo ascenden as costas que se lle deben á Policía Local debido ó incremento destas horas?.

SR.ALCALDE.- Estáse rematando a valoración pola Intervención.

¿Cando nos pretende contestar?.

SR.ALCALDE.- Cando a Intervención teña o informe.

4º.-¿Qué criterio seguía para contratar ó equipo xurídico que defendeu ó Concello?.

SR.ALCALDE.- A experiencia en Dereito Laboral.

5º.- Porqué motivo se retirou o turno da noite da Policía Local?.

SR.ALCALDE.- Xa está explicado no anterior Pleno.

6º.- ¿Porqué motivo non se tramitan as denuncias relativas a rúidos nin ás do Mercado de Sabarís?.

SR.ALCALDE.- Sí se tramitan.



EXCMO. CONCELLO
DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)

7º.- ¿En qué situación se atopa o proxecto de Orzamento do 2010?.

SR.ALCALDE. - Na definición de ingresos do Estado para o 2010.

PREGUNTAS DO BNG (ó Pleno de hoxe) e RESPOSTAS.

SR.FERNANDEZ:

1º.- ¿En qué situación se atopa o Centro de Día?.

SR.ALCALDE. - Para licitar, pendente de que o Convenio firmado co señor Lois Castrillo, quen como persoa respondeu, e firmamos ese Convenio con él, e asinado con Anxo Quintana, que está para licitar. Decirlle que non era a distribución que tiñades vós dentro do PERI IV, ou sexa, que sí se pode variar e se variou.

2º.- Respecto ás obras de Elduayen; existen rumores na rúa de que INDEZA está en suspensión de pagos, que non lle está pagando ós obreros; que cabe a posibilidade de que se paralicen as obras por falta de liquidez por parte desta empresa; ¿qué pode decirnos ó respecto?.

SR.ALCALDE. - Contestarei no próximo Pleno; a día de hoxe se están facendo as obras. Tamén se dixo que non chegaba a pedra e resulta que sí chega; ós rumores non hai que facer moito caso. Pode estar en concurso de acreedores, de feito está, pero o funcionamento para nós é o normal. Hai un tema de relación laboral entre traballadores e empresa que nós non coñecemos e lóxicamente non podemos entrar ahí.
Felices Festas para todos.

SR.FERNANDEZ. - Igualmente, a todos, e a todas.

E non habendo máis asuntos a tratar, polo Sr.Alcalde-Presidente levantouse a sesión, sendo as trece horas e trinta minutos do mesmo día, de todo-lo cal, como Secretaria, CERTIFICO.